

NOVAS ACHEGAS HISTÓRICAS SOBRE O ANTROIDO DE “VAL DE FRANCOS”. (CASTRO DE REI) (LUGO). SEGUNDA DÉCADA DO SÉCULO XXI.

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

Este traballo está dedicado na honra de dous persoeiros clave deste Entroido: Xosé Manuel Carballo Ferreiro e Edelmiro García Pérez

I. ALGÚNS DATOS BIOGRÁFICOS SOBRE AMBOS OS DOUS PERSOEIROS.

1. EDELMIRO GARCÍA PÉREZ.

Foi un labrador, que naceu na parroquia de Ansemar na “Casa de Campelo”, situada no barrio de Carril. Desposouse con *Hortensia Cupeiro Vega*, oriunda da comunidade parroquial de San Martiño de Goberno. Nun primeiro momento residiron no “barrio da Anoca”, situado nesta mesma parroquia. Co paso dos anos, *Edelmiro* tivo que volver coa súa dona para Ansemar coa finalidade de atender aos seus país. Froito deste matrimonio foron os seus fillos: *José Luís* e *Marisa*. Foi un home solidario, que prestou bos servicios á



EDELMIRO E O SEU FILLO J. LUÍS CUPEIRO

comunidade onde residía; ademais, sempre deu bos consellos ás persoas, que ían un pouco desorientadas. *Xosé Manuel Carballo*, crego e amigo de *Edelmiro*, dedicoulle uns versos cheos de afecto e tenrura. Poucos meses despois, *Xosé Manuel* tamén finaba.

“Edelmiro do Campelo / fixo moito anos os sermós/. Este ano antes de remátalo / levárono de entre nós/. ”

Non tivo muitos estudos, / pero tivo abonda intelixencia / pra peneirar o mundo enteiro /sin acabarnos coa paciencia/.

Os seus sermós son historia / que non saben os letrados, / pero pra nós é tan real / como a de celtas e romanos/.

Co teu sorriso e bon humor / rímonos canto quixemos/. Que sepas, Edelmiro, amigo,/ que nunca te esqueceremos/.


Acaríñante unhas maus / que che deron mimo e calor /. Tamén as maus expresan / o agarimo e o amor/.

Coma ti hai poucos homes,/ Déixanos unha boa lección./ Sempre fuches servicial./ Así, vivirás no corazón! ”

2. XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO.

Naceu en San Martiño de Goberno (Castro de Rei) no ano 1944 e finou no outono do 2017. Foi párroco das comunidades de Castro de Rei, Azúmara, Ramil, Goberno, Balmonte e Santa Locaia. Colaborou no xornal “El Progreso” de Lugo e na Rev. Irimia.

Levou a cabo actuacións de sendo padriño do Waldemar de Lugo. Lucense do Ano no Asociación da 2004, foi designado Concello de Castro varias obras de Ademaís, cooperou realización de obras como e concentracións Tamén, colaborou



relevantes ilusionismo, colectivo máxico Foi nomeado ano 1992 pola Prensa. No ano fillo predilecto do de Rei. Realizou teatro e narrativa. activamente na comunitarias reelectrificacións parcelarias. dende o ano 1992

no Entroido de “Val de Francos” cos seus importantes Xuizos, que sempre levaron unha importante carga de humor, sarcasmo e crítica. Finalmente, foi profesor de relixión no Colexio público “Ramón Falcón” de Castro de Rei, colaborando nas diferentes actividades culturais do centro académico.

II. TRAZOS XERAIS SOBRE O ENTROIDO.

1. ETIMOLOXÍA E SIGNIFICACIÓN DO VOCABLO CARNAVAL.

O Carnaval recibe en Galicia o nome de Entroido, e procede do latín “Introitus”, que significa “entrada”, ou “comezo do ano ou da primavera”. Segundo as zonas recibe os nomes de “Antroido”, “Introido”, “Entrudio”, “Entrudo” ¹. Unha nova acepción sería a de considerar ao Entroido como a entrada do tempo, que precede á Coresma. Con respecto ao vocábulo castelán “Carnaval”, podería ter a súa orixe na expresión latina “carne levare” (adeus á carne), que facía referencia á época do xaxún cristián. Tamén, é mester sinalar o termo “carnes tollendas”, do que hai alusións no século XIII. Esta nova acepción sería moi usada durante o Século de Ouro español.

Por outra banda, o vocábulo Carnaval manifestárase por primeira vez no “*Diccionario de Nebrija*” de 1492. No obstante, non se deben esquecer as mencións a esta conmemoración realizadas polo *Arcipreste de Hita* no Libro do Buen Amor. Neste, hai un capítulo que fai referencia a loita mantida entre Doña Coresma e Don Carnal, cuxos versos máis relevantes son:

“De mi, Doña Cuaremas, justicia de la mar / alguacil de las almas que se han de salvar, / a ti, Carnal goloso, que te non coidas fartar, / enbíote el Ayuno por mi desafiar” / ².

2. TEMPO DO ENTROIDO.

O tempo de Entroido está ligado coa Pascua de Resurrección, festa de carácter lunar, que conmemora o día da morte de Xesús. Esta conmemoración, segundo o Concilio de Nicea, lévase a cabo o primeiro domingo que segue a lúa chea de primavera. En consecuencia, o domingo de Entroido celébrase corenta e nove días antes da Pascua de Resurrección. Agora ben, o calendario lunar ten como fundamento o ritmo irregular das lunas, xa que o ciclo completo de lunación ben durando normalmente vinte e nove días, e doce horas. Polo tanto, o domingo de Entroido pode caír entre o un de Febreiro e o sete de Marzo. De todos os xeitos, o periodo do Entroido nun sentido máis amplo abarcaría dende o Nadal ata á Coresma. Antano en Galicia había mascaradas no Nadal. Sería o caso de Verín (Ourense) onde dende o primeiro de Xaneiro saían os cigarróns; e, tamén, en Tomonde

¹ Risco, Vicente.: *Historiza de Galicia, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Etnografía. Cultura Espiritual*. Madrid: Akal, páx. 611

² G. AMARELLE, Raquel.: *Galicia en Entroido*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2006, páx. 17.

(Cerdedo) ía unha parella de máscaras, que recibían o nome de “Vello” e a “Vella”, diante dos nenos e mozos, que cantaban os Reis; esta parella de máscaras, mal vestidas, realizaban roubos, mentres os demais actuaban ³. Tamén, cómpre facer mención aos Ranchos do Sur da provincia de Pontevedra. Tratábase de grupos de mozos/as, ben ataviados con moitos ornatos e cun pucho enfeitado con plumas de diversos cores e espelliños, que saían entre o Aninovo e Reis; estes percorrían varias zonas, cantando e bailando. Na actualidade, os Ranchos de Riofrío só actúan na procesión da Virxe do Leite, que se conmemora o seis de Xaneiro; e os de Guláns, fano o sete do mesmo mes na honra



so seu patrón San Xián ⁴. Na provincia de Lugo, houbo tamén antigas mascaradas de Reis no concello lucense de Navia de Suarna ⁵.

FOTO: BERNARDINO BARREIRO. “A CORRIDA DO GALO” NO ANTIGO ANTROIDO DE ANSEMAR (CASTRO DE REI).

Agora ben, os días propios da festividade do Entroido, abarcaba – segundo *Vicente Risco* – unhas tres semanas nas que compría sinalar os seguintes días: o domingo fareleiro; o xoves de compadres; o domingo corredoiro; o xoves de comadres; e os días grandes do Entroido, que se correspondían co domingo, luns e martes. Eventualmente, tamén o mércores de cinza. Ademais, é mester facer alusión ao domingo de piñata, primeiro domingo de coresma, que se celebra nalgunhas zonas ⁶.

³ GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio.: *As festas cíclicas do ano, Santiago de Compostela*: Manuais do Museo do Pobo Galego, nº2, 1991, páx. 51.

⁴ GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio.: *As festas cíclicas do ano, Santiago de Compostela*: Manuais do Museo do Pobo Galego, nº2, 1991, páx. 51.

⁵ GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “A Mesta Fraga das Festas de Galicia”, *en Tempos de Festa en Galicia, T.I. Entre os Reis e o Mes de Maio*. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006, páx. 39.

⁶ RISCO, Vicente.: *Historiza de Galicia*, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Etnografía. Cultura Espiritual.

O Entroido galego de máis días de duración radica na vila ourensán de Xinzo de Limia. Con respecto á provincia de Lugo, os días do Entroido concéntranse no Domingo e Martes, considerados como os días importantes desta festividade. No obstante, cómpre sinalar as seguintes excepcións: en Santiago de Arriba (Chantada), tamén se festexa o domingo fareleiro e o domingo corredoiro, e dicir, os dous domingos anteriores ao Domingo de Entroido. O xoves seguinte ao “domingo fareleiro” conmemórase o “xoves de compadres”, que se sigue celebrando en maior ou menor media nos municipios das “Terras de Lemos”, como Monforte e Sober – vilas básicas de celebración- Pantón, Pobra de Brollón, Bóveda e o Saviñao. Unha semana despois celébrase nos mesmos lugares o “xoves de comadres”. En Salcedo (A Pobra de Brollón), tamén se celebra o luns de Entroido coa famosa “saída do oso” polas distintas rúas da vila. O mércores de cinza, conmemórase “ o Enterro da Sardiña”, nas vilas de Monforte, Burela, Viveiro, Foz e Vilalba. O sábado de piñata, festéxase en Ribadeo coa queima do Entroido, boneco de varios metros de altura. No ano 1998, este boneco -símbolo do Entroido- entrou no Libro Guinness de Records cunha altura de 13,32 metros. Finalmente, o domingo de piñata conmemórase na localidade de Lourenzá.

3. A ORIXE DO ENTROIDO.

Sobre a xénese do Entroido podemos distinguir esencialmente dúas teorías:

1ª. Aquela que defende que esta festa ten unha orixe nos rituais animistas da Prehistoria⁷; ou nos rituais agrarios gregos, adicados ao culto a Dionisos e, logo, ao deus romano Baco⁸; tamén, nos actos que tiñan lugar nalgunhas festas romanas antigas nomeadas

Madrid: Akal, páx. 612.

⁷ Bouza Brey, etnógrafo galego, e nun primeiro momento Vicente Risco, estudaron as máscaras asinandolle orixe prehistórico en canto ao seu sentido máxico e ritual ligado á prácticas de relixión primitiva. (CHIVITE, Taboada.: *Etnografía. Cultura Espiritual*, Vigo: Galaxia, 1972, páx. 60.

⁸ As dionisias celebrábanse na honra de Dionisos, deus gregos, que logo os romanos transformaron en Baco. Foi rei da natureza, e as súas festas simbolizaban a vida, a pasión, o renacer primaveral. (TARRÍO FERNANDEZ, José Antonio.: *Cultura. Educación e Tradiciones Populares en Galicia*, Sada (A Coruña): Cuadernos do Seminario de Sargadelos, 50. Ed. Castro, 1989, kpáx. 106.

Saturnalia ⁹, Lupercalia ¹⁰, e Matronalia ¹¹. Esta liña de estudio foi defendida, entre outros, por autores como *Frazer*, *Gaignebet*

2ª. A outra teoría é a que defende unha orixe medieval do Entroido. Un dos seus defensores, *Caro Baroja*, dinos que o Entroido é un fillo do Cristianismo; sen a idea de

Coresma non existiría na forma concreta na que existiu desde datas escuras da Idade Media ¹². A oposición do Entroido coa Coresma constitúe o fundamento básico sobre o



FOTO: BERNARDINO BARREIRO. O ANTROIDO ANTIGO EN ANSEMAR

que se foi configurando o modelo de Entroido da sociedade occidental. Isto non é obstáculo para que no Entroido actual poidan influir rituais de festas de orixe antigo.

Así, na Idade Media había a “Festa dos Tolos”, na que os acólitos, os nenos do coro, e demais subalternos, levaban a cabo unha imitación burlesca da liturxia oficial. Pois ben, a igrexa toleraba este tipo de parodias, na que se invertían os papeis como nas Saturnalias e Matronalia romanas. E isto facíao porque sabía que ao día seguinte todo volvería a estar ao dereito¹³. Logo, na modernidade introduciuse o “Riso ou bulra Pascual”, que era unha

⁹ Festas que comezaban o 17 de decembro, na honra do Deus Saturno, protector da agricultura. Tanto os amos como os seus escravos invertían os seus papeis. Festas nas que había unha gran permisividade. (G. AMARELLE, Raquel.: *Ob. cit.*, páx. 14.

¹⁰ Celebrábanse nos idus de Febreiro na honra do deus Pan. Os lupercos sacrificaban un macho cabrío, e logo untábanse coa súa sangue. A continuación, perseguían espidos as mulleres con látegos feitos da pel do macho cabrío. (REIGOSA, Antonio.: *O Entroido enmascarado. A Vida vence á morte, en Actas das II Jornadas sobre o Entroido de Galicia*. Sociedade Antropolóxica Galega, Pontevedra, 2014,

¹¹ Levábanse a cabo no mes de Marzo na honra da deusa Xuno Lucina. Nesta conmemoración, as mulleres servían aos seus escravos e criados, mentres que os esposos servían as súas esposas.

¹² CARO BAROJA, Julio.: *El Carnaval. Análisis histórico-cultural*. Barcelona: Taurus. 1979, páx. 22

¹³ CHAO REGO, Xosé.: “O Entroido é unha Entrada”, *en Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Coord. Xosé M. Carballo Ferreiro. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, Lugo, 1993, páx. 31.

escenificación bulresca, de índole xocosa e grotesta de determinados actos da liturxia oficial. Realizábase nalgúns días sinalados e festivos como o Nadal, a Semana Santa, San Xoán etc. No obstante, esta práctica durou pouco xa que foi prohibida pola igrexa.

Esta teoría foi defendida por *Caro Baroja, L. Janssen, Peter Burke, Vicente Risco*, e continuada por etnógrafos galegos como *X.M.González Reboredo, F. Cocho, Mariño Ferro, Fidalgo Santamarina, Clodio González* etc.

Nos últimos anos, apareceron noval opinión sobre o Entroido: así *Rafael Quintiá* manifesta que o Entroido é unha festa de orixe precristiá, que sería asimilada polo cristianismo e, polo tanto, condicionada a manifestarse noutras formas en un periodo de tempo determinado ¹⁴. Pola súa banda, *Antonio Reigosa* fai alusión ao Entroido como unha relixión con un deus con mil disfraces, ou mil deuses con un só disfraz, que se enterra ou queima (chamese meco ou sardiña) cada ano para coas cinsas matar simbólicamente o vello, purificar, aboar, fecundar e renovar simbólicamente a vida na terra ¹⁵.

4. CARACTERÍSTICAS DO ENTROIDO.

Esta conmemoración festiva aínda que reflicte trazos de calquera festa como poden ser o sentido de unidade e de autoafirmación da comunidade fronte “aos outros”; a súa abertura de cara ao exterior, mediante o baile, fomentando deste xeito o carácter exogámico das comunidaes; a reafirmación dos lazos familiares, mantidos por medio da “comensalía” ...

No obstante, o Entroido, como imos apreciar, é unha conmemoración revestida dunha serie de elementos moi peculiares, que fan desta celebración algo especial e propio.

1º. Trátase dunha festividade de tránsito entre o solsticio de inverno e o equinocio da primavera co que iso conleva nos ritmos da natureza. Isto implica que algúns rituais deste momento festivo sexan indicadores dun novo mencer fronte a escuridade. En definitiva estamos ante a dialéctica *VIDA-MORTE*, saíndo triunfadora a primeira.

Antano, nalgunhas aldeas dos Ancares Lucenses adoitaban encher de palla dous cestos grandes; e, logo, facíase unha bola de lume, que se botaba a rodar dende a parte máis alta ás terras e prados próximos coa idea de purificar e fertilizar os mesmos. Tamén, e co

¹⁴ QUINTIÁ, Rafael.: Uns Apuntamentos Etnográficos sobre o Entroido a xeito de Introdución, **en *Actas das I Xornadas sobre o Entroido de Galicia***. Sociedade Antropolóxica Galega, Pontevedra, 2013,

¹⁵ REIGOSA, Antonio.: “ O Entroido. A Vida triunfa sobre a Morte, en Rev. Dixital, de “[www. GaliciaEncantada. es](http://www.GaliciaEncantada.es)”

mesmo propósito na Fonsagrada había o ritual de “*corre-la-rella*”, consistente en dar voltas ao redor das leiras cos fochos e fochos de palla acendidos na procura dun pequeno animal prexudicial pras colleitas ¹⁶. Na actualidade, a idea de vida e fertilidade está moi presente cando “os volantes” de Santiago de Arriba (Chantada) pasan por riba dos campos e terras de labor. Tamén, as chocas e campañas, que soan durante o Entroido, simbolizan a vida, e alonxan o mal das comunidades.

2º. É un tempo de transgresión da orde habitual; de ruptura de todas as normas; de inversión de valores, como pasaba nas Saturnalia e nas Matronalia romanas. Un tempo axeitado para que todos podamos simbolizar “un rol” diferente ao que temos na vida cotiá.



E isto realízase, as máis das veces, por medios dos disfraces e as máscaras, que nos permiten levar a cabo -polo seu carácter de invisibilidade- aquilo, que sería inviable nun tempo normal.

FOTO. BERNARDINO BARREIRO. O ANTROIDO ANTIGO EN ANSEMAR

(CASTRO DE REI)

3º. No Entroido estamos ritualizando o lado oscuro e funesto do ser humano. A súa animalidade, as súas máis baixas paixóns, os seus excesos na comida e na bebida.

4º. O Entroido provoca un desafogo psicolóxico no sentido de que se trata dun festexo catártico e liberador das tensión acumuladas ao longo do ano. ***“O Entroido libera por medio da transgresión as tensión acumuladas na rigorosa observación das múltiples normas, que rexen a vida en sociedade”*** ¹⁷.

5º. No tempo de Entroido, os praceres carnaís están personificados por medio de animais vivos, como o galo, que ten fama de ser un dos máis luxuriosos. No obstante, tamén se usan figuras de animais, que foron asociados por tradición non só coa lascivia, senón

¹⁶ COCHO, Federico.: *O Carnaval en Galicia*, Vigo: Ed. Xerais, 1990, páx. 45.

¹⁷ FRAGUAS FRAGUAS, Antonio.: *Do Entroido*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego. Colección Alicerces, nº 6, 1994, páx. 9.

tamén con outras formas de comportamento carnal, como a gula, a preguiza etc. Así, podemos sinalar a vaca, o touro, a mula, o oso. Na actualidade, aínda hai representacións destes animais: a Morena de Laza (Ourense); a mula, nos Entroidos de Castro Caldelas e Viana do Bolo (Ourense); o Oso, en Salcedo (A Pobra de Brollón). Ademais, hai representación dunha animalidade en abstracto, reflectida por unha serie de atributos como as peles, cornos, máscaras con figuras de animais. Tamén, hai outras formas de simbolizar ao Entroido: unha delas é a vellez; polo tanto, non resulta estrano ver moitos disfraces de roupas e caraútas vellas. Así mesmo, o Entroido tamén está personificado naquelas persoas disfrazadas con vestidos de luxo, como é o caso das Madamas; os Galáns; os Señoritos. O luxo está relacionado coa voluptuosidade, co pracer sexual ¹⁸.

6º. Este tempo representa ademais unha loita entre Don Carnal e Dona Coresna, reflectida – segundo termos nietzscheanos- pola relación existente entre dos deuses da Grecia antiga, *Apolo e Dionisios*. Así, o dionisiaco simbolizaba a desorde pública, o instintivo, a vitalidade sen freo, a farra, a irracionalidade. Pola contra, o apolíneo, representaba todo



SERMONEIROS EN “VAL DE FRANCOS”.2º ETAPA.

o contrario, é decir, a racionalidade, a orde social, a ponderación, o esforzo continuo ¹⁹. En consecuencia, hai unha tensión dialéctica entre o apolíneo e o dionisiaco, que se vai resolver co triunfo do apolíneo, e decir da orde e do control social.

7º. O Entroido ten un fondo contido dramático, xa que é un tempo no que se escenifican e parodian as institución civís e eclesiásticas ²⁰. Na actualidade, hai comunidades como as do “Val de Francos” (Castro de Rei), que aínda seguen celebrando sermóns e xuízos,

¹⁸ MARIÑO FERRO, X.R.: Antropoloxía de Galicia, páx. 487.

¹⁹ CHAO REGO, Xosé. Ob. cit., páx. 30.

²⁰ SUAREZ PIÑEIRO, Ana.: As festas rituais de Galicia, Santiago de Compostela: Ed. Lóstrego, 2000.

que serven pra criticar – entre outros- a distintas actuacións de institucións política e sociais. E isto faise con ironía, bulra e humor.

8º. A máscara é uns dos elementos esenciais do Entroido. É un símbolo claro da animalidade entroidana, que provoca diferentes tipos de emocións: admiración, alegría, medo, temor, inquietude. Non adoita actuar en solitario, senón en grupo formando mascaradas, que percorren as rúas das vilas e os camiños das parroquias. Gozan de inmunidade, o que lles permite botar fariña, auga e nalgún tempo formigas. Dende sempre, o Entroido rexeitou todas as leis, costumes e preceptos da vida cotiá, mais ten as súas propias. *Así “ as máscaras teñen os seus dereitos que ninguén pode violar; ...os veciños teñen a obriga de recibilas na casa ; de obsequialas;... de levar a ben as bromas; ...de aturar, que lles boten auga, farelos, ovos...”*²¹.



9º. É un tempo no que as portas das casas están abertas de cara ao exterior, e todos participan dun xeito directo ou indirecto na festa. Ademais, os membros das diferentes casas da comunidade convidan ás

XOSÉ MANUEL CARBALLO COS QUE FORMAN O XULGADO.

“VAL DE FRANCOS”. SEGUNDA ETAPA.1992-2010

máscaras e disfraces a filloas, orellas, freixós, doces típicos etc. Esta abertura únicamente era perceptible nos antigos “velorios”²².

²¹ RISCO, Vicente.: *Historia de Galiza, dirixida por Ramón Otero Pedrayo*, t. 1, Madrid: Akal, 1979, páx. 613.

²² BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme.: Achegas históricas ao Antroido de Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI, *en Croa (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga)* nº 19 ,2009, páx. 60.

10º. O Entroido ten unha finalidade didáctica. O desenfreo e a desorde, que se produce nesta festividade, regulan a orde social. Esta festa estanos ensinando por vía indirecta, que se o exceso na comida, na bebida, e nos praceres carnaís fosen continuos, seríamos incapaces de vivir deste xeito, o mundo non se sostería. “*Unha das funcións do Entroido é a de enculturación das novas xeracións, socializándoas na idea de que para a vida en comunidade, a orde social e a convivencia son mellores que a desorde e a intolerancia*”²³.

11º. Unha das manifestacións do Entroido, que serve de válvula de escape aos asistentes a algúns dos actos deste tempo festivo e o “riso”. Todo vale e todo resulta cómico no tempo do Carnaval. A festa non é posible sen permitir que o sentido do humor domine por unhas horas calquera outro sentimento e se imponha no estado de ánimo²⁴. Ademais



QUEIMA DO ANTROIDO EN “VAL DE FRANCOS”.

MEDIADOS DA PRIMEIRA DÉCADA DO SÉCULO XXI.

rirse dun mesmo é sano; é como saca-la máscara que nos fai levar a sociedade da vida diaria e disfrutar deixando ver un pouquiño do que levamos por debaixo dela²⁵.

12º. É un tempo de alegría, de diversión, de exceso na comida e na bebida. O elemento sexual aparece reflectido en certos xogos como o das olas; o do pucheiro; nas disputas que había nos xoves de compadres e comadres; no costume de que as máscareas lles levanten as saias ás mulleres e se metan con elas²⁶. Así mesmo, as corridas do galo teñen

²³ SANTAMARIÑA, Fidalgo.: “IV. Cara a unha busca do sentido do Carnaval ourensán”, en *As Caras do Entroido Ourense*. Deputación de Ourense. Fundación Caixa Galicia, 2009.

²⁴ COCHO, F.: Ob. cit., páx. 47.

²⁵ GARCÍA CENDÁN. Bernardo.: O Desacougo da Risa, en *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Coord. Xosé M. Carballo Ferreiro. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, Lugo, 1993, páx. 51.

²⁶ BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme.: Ob. cit., páx. 61.

un componente sexual importante, xa que o galo é un dos animais máis simbólicos do Entroido en canto á carnalidade e luxuria.

En moitos lugares de Europa e de España celebrábanse “corridas de galos”. En Galicia celebráronse ata o último tercio do século pasado nas parroquias pontevedresas de Santa Cristina de Cobres e San Adrián de Cobras; en Zás (A Coruña); en Cotobade (Pontevedra); en Viana do Bolo (Ourense); e tamén, como veremos, nalgúñas parroquias da comarca da Terra Chá, incluído o “Val de Francos”.

Nas parroquias pontevedresas de Santa Cristina de Cobres e San Adrián de Cobres adoitaban poñer un galo, atado nun buraco do chan mais sen enterrado. Logo, os mozos tentaban collelo e nese intre fuxían correndo. No obstante, tiñan que superar un obstáculo importante, consistente na defensa que lle proporcionaban ao galo unha serie de persoas,

algunhas con máscara ²⁷. Pola contra, no municipio coruñés



A COMITIVA DO ANTROIDO. 2009.

de Zas, penduraban ao galo polas pernas dunha corda, situada a certa altura; logo, os mozos viñan correndo e tiñan que saltar o suficiente para conseguir sacarlle o pescozo ²⁸.

O Entroido foi prohibido durante o período da guerra civil do 36 e, logo, durante a ditadura franquista. Tanto a Igrexa como o Estado, apoiándose mutuamente nesta nova

²⁷ MARIÑO FERRO, X.R.: *O Entroido ou os Praceres da carne*: Sata (A Coruña). Ed. do Castro. Cadernos do Seminario de Sargadelos, 84, 2003, páx. 144.

²⁸ COCHO, Federico.: *O Carnaval en Galicia*, Vigo: Ed. Xerais, 1990, páx. 198.

dirección Nacional- Católica, dictaron ordes e circulares para impedir este evento festivo. Así, podemos sinalar:

A circular enviada polo gobernador civil de A Coruña en Xaneiro do ano 1940. A que envío a Dirección Xeral de Seguridade franquista no ano 1950. Ademais, houbo bandos de alcaldes, como o de Vilalba nos anos cincuenta. Persoalmente, lembro a prohibición no ano 1970 dun baile de disfraces, que se celebraba no antigo cine da localidade de Mondoñedo; esta correu a cargo do gobernador civil da provincia, que, no obstante non prohibiu o baile, que tamén se celebraba no Casino desta localidade. Isto era unha constante habitual en España. O Entroido rural, cos seus bailes de disfraces, case sempre era prohibido, aínda que ás veces saltabanse as normas a costa do pago de fortes multas. Pola contra, os bailes de sociedades culturais, casinos, círculos, tanto de cidades como de vilas eran permitidos o que motivaba claramente a existencia dunha discriminación



O XUIZO EN “VAL DE FRANCOS. ANO 2013.

social. Coa
chegada da
democracia
comeza unha
lenta
recuperación
desta festa
grazas a
Asociacións

veciñais, colectivos culturais, que tentan ir a procura dos sinais dunha tradición da que é depositaria as persoas de máis idade da comunidade. Con todo, as comunidades xa non son o que eran. A carencia de recursos económicos, propiciou un éxodo rural de cara a cidade e, tamén, de cara a Europa, Isto provocou unha continua diminución da poboación nova e adulta, que en moitos casos vaise adaptando as novas influencias da cidade e, tamén, a novas maneiras de entender a vida, que inicialmente lles provocou un desarraigo social. Por outra banda, os efectos iniciais da globalización e mercantilización da nosa sociedade; a influencia dos medios de comunicación social; o acceso ao ensino; a apertura a novos modos de entender a realidade, van xerando un cambio social importante

reflectido nos novos cambios de mentalidade, que se convirten en atrancos para todo intento de recuperación dun tempo, que non vai ser o que foi. E iso as persoas de máis idade, que son as que ficaron no seu medio de habitat, sabeno.

De todos os xeitos, malia estes obstáculos, vaise vendo como hai comunidades, que paseniño e con esforzó, van recuperando un tempo festivo, que aínda – que non igual- vai ser un reflicte. Para iso contan con axudas e subvencións económicas de institucións municipais; das Deputacións; e mesmo da Xunta para ir poñendo a punto os elementos básicos dunha tradición, que aínda conta con depositarios da mesma. Isto conleva un perigo, que como ben sinala o antropólogo *Marcial Gondar*, pode levar a unha manipulación e a un control institucional ²⁹. Con todo, hoxe, queiramolo ou non, se queremos que a festa continue temos que botar man das axudas institucionais. E isto debido a que os tempos foron cambiando e as comunidades esmorecendo.




OS FARELEIROS FACENDO PASO A COMITIVA DO ANTROIDO. ANO 2014.

²⁹ GONDAR PORTASANY, Marcial.: Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmo e o nós outros, Vigo: A Nosa Terra, 1993, páxs. 173-174.

III. O ANTROIDO “NO VAL DE FRANCOS” (CASTRO DE REI).

1. LOCALIZACIÓN DO “VAL DE FRANCOS”³⁰



³⁰ O mapa foi realizado por Antonio Figueroa.

O noso querido amigo *Xosé Manuel Carballo*, dicía que este femoso Val aínda que non teña un río, que lle dea nome, tenos soterrados, o que deu lugar ao xurdimento dun val esplendoroso cheo de árbores, páxaros e de variadas bolborestas ³¹.

O “Val de Francos” ocupa unha superficie de 2691 Hectáreas e posúe – segundo o I.N.E. do ano 2019 (Instituto Nacional de Estadística)- unha poboación de 320 habitantes distribuída en catro comunidades parroquiais: San Salvador de Ansemar, San Salvador de Balmonte, San Martiño de Goberno, e Santiago de Viladonga.

San Salvador de Ansemar, ocupa unha extensión de 657 Hectáreas e posúe unha poboación de 105 habitantes distribuída nas seguintes entidades de poboación: O Albarido; O Carril; O Curro; As Estrigueiras; As Pedreiras; Cataxiña; Fontón; Lamas; A Madorra; O Chuqueiro; e Picatelos.



ANA CANTO. PRESIDENTA DO GRUPO “OS VALUROS”

San Salvador de Balmonte, ocupa unha extensión de 529 Hectáreas e posúe unha poboación de 31 habitantes, distribuída nas seguintes entidades de poboación: A Igrexa; A Valiña; Eiravedra; O Suso; e Vilaseñor.

San Martiño de Goberno, ocupa unha extensión de 494,7 Hectáreas e posúe unha poboación de 95 habitantes, distribuída nas seguintes entidades de poboación: A Anoca; A Igrexa; Ameixide; Francos; Outeiro; O Pedrón; Toxeiros Vellos.

³¹ CARBALLO FERREIRO, Xosé Manuel.: “Memoria. Presentación. Prólogo”, *en Máis de media ducia de escritores chairegos e ao Antroido*. Coord. por Asociación de Val de Francos. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993, pág. 3.

Santiago de Viladonga, ocupa unha extensión de 1010 Hectáreas e posúe unha poboación de 89 habitantes, distribuída nas seguintes entidades de poboación: A Cañoteira; A Carreira; A Casela; A Cova; A Longara; A Rúa de Arriba; A Rúa de Abaixo; Montebón; O Campo; O Rodao; Salcedo.

Estas comunidades parroquiais forman parte do municipio de Castro de Rei, situado na parte central da provincia de Lugo, que posúe unha superficie de 176,9 km², na que vive - segundo o I.N.E. (Instituto Nacional de Estadística) do ano 2019- unha poboación de 5052 habitantes, distribuída en 25 parroquias ³². As súas principais entidades de poboación son Castro de Rei, capital municipal, e Castro de Ribeiras de Lea, que se caracteriza polas súas feiras do gando e, tamén, pola degustación do polbo todos os mércores do mes. Limita cos seguintes municipios: ao Norte, co da Pastoriza; ao Nw., co de Cospeito; ao Sw., co de Outeiro de Rei; ao Ne., co de Meira; ao Se., co de Pol; e ao Sur, co de Lugo. Por outra banda, este municipio está encravado na comarca da Terra Chá, que ocupa unha extensión de 1823 km², sendo considerada a comarca natural máis ampla e chá de Galicia. Abrangue, ademais deste municipio, aos de Abadín; Begonte; Cospeito; Guitiriz; Muras; A Pastoriza; Vilalba; e Xermade.

2. EVENTOS HISTÓRICOS SOBRE O TEMPO DO ANTROIDO NO “VAL DE FRANCOS” (CASTRO DE REI) (LUGO).

Neste bonito Val conmemorouse dende hai un bo número de anos o Antroido. É mester distinguir tres etapas:

I.- A que abrangue dende principios do século XX ata o ano 1992. O Antroido celébrase en Ansemar. Algún ano tamén se festexou en Balmonte e un, en Goberno. Os actos principais, que se celebraron neste Antroido foron: “A Corrida do Galo”. “A Lectura do Sermón”. Finalmente, a “Queima do Antroido”. Esta primeira etapa foi tratada no libro, ***MÁIS DE MEDIA DUCIA DE ESCRITORES CHAIREGOS E AO ANTROIDO***, coordinado polo crego Xosé Manuel Carballo e pola “Asociación de “Val de Francos”. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993. Tamén

³² Parroquias de Ansemar (San Salvador). A Azúmara (San Xoán). Balmonte (San Salvador). Bazar (San Pedro). Bendía (San Pedro). Castro de Rei (San Xoán). Coea (San Salvador). Duancos (Sta. María). Duarría (Santiago). Dumpín (Santalla). Goberno (San Martiño). Loentia (Santo Estevo). Ludrio (Santa María). Mondriz (Santiago). Outeiro (Santa María). Pacios (San Salvador). Prevesos (Santo Estevo). Quintela (Santa María). Ramil (Santa Mariña). Ribeiras de Lea (San Xoán). San Xiao de Mos (San Xiao). Orizón (Santa Comba). Santa Locaia (San Pedro). Triabá (San Pedro). Viladonga (Santiago).

houbo artigos longos como o de: BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme.: “Achegas históricas ao Antroido de Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI”, *en Croa (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga)* nº 19 ,2009, páx. 58-84.

II.- A segunda etapa iníciase no ano 1992. Tres parroquias do “Val de Francos”: Ansemar, Balmonte e Goberno, únense para conmemorar o Antroido como reflicte a seguinte estrofa:

*“Xa que tres pobos se uniron
con unha grande ilusión,
nunha tarde de harmonía
fan esta celebración”.*



Nesta nova andadura desaparece “A Corrida do Galo”; segue a “Lectura do Sermón”, e hai un novo acto que é “O Xuizo ao Antroido”. O libro, **MÁIS**

OS SERMONEIROS DO ANO 2015.

DE MEDIA DUCIA DE ESCRITORES CHAIREGOS E AO ANTROIDO, fai alusión ao ano de comezo desta nova etapa: ANO 1992. Tamén os seguintes artigos: CARBALLO FERREIRO, Xosé Manuel.: “Antroidos e Antroido do “Val de Francos”, realizado 7 de Xaneiro do 2006, e publicado na revista Terra Chá. O artigo de BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme.: “Achegas históricas ao Antroido de Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI”, publicado no nº 19 da Rev. Croa (Viladonga), 2009. Fai mención a diferentes sermóns e xuízos desta etapa.

III.- A QUE ABARCA DENDE O ANO 2011 ATA O 2020.

Nesta década a comisión organizadora do Antroido estivo formada polas seguintes persoas: Representando á parroquia de Ansemar: *Remedios, Ramiro, Verónica e Juan*. Representando á comunidade de Balmonte: *Atilano e Mary Carmen*. Finalmente, representando á parroquia de Goberno: *José Luís Cupeiro e Ana Canto*.

Durante os seis primeiros anos a conmemoración festiva levouse a cabo os sábados pola noite, e o martes, día principal. Nos últimos catro anos o evento festivo concentrouse no “Martes de Antroido”. Neste período cómpre distinguir os seguintes actos e persoeiros do Antroido.

1º. A COMITIVA DO ANTROIDO.

Esta sae dun lugar da parroquia de Ansemar de cara ao campo da festa ³³. Adoita estar presidida polos “*fareleiros*”, máscara peculiar do “Val de Francos” dende os comezos do Antroido; logo, soe vir nun carromato, ou nun vehículo o Antroido ; a continuación, a parella de sermoneiros, tamén nun vehículo, moto, ou andando; posteriormente, o grupo que vai tomar parte no “Xuizo ao Antroido”; e finalmente, outras máscaras. A súa chegada ao recinto festivo recibe as honras do grupo musical “Os Valuros” de Castro de Rei ³⁴. o, iniciáronse os

actos as catro tarde (16 horas) coa saída da comitiva do Antroido



CARTEL DO ANTROIDO. ANO 2015

2º. PERSOEIRO PECULIAR. “OS FARELEIROS”.

Trátase dunha máscara, que inicialmente tiña como finalidade protexer ás personas, que acudían a ver “a corrida do galo” dos xinetes, que participaban na mesma. “*No carnaval, había os fareleiros,...os fareleiros era como unha guardia de seguridad, que había para*

³³ O campo da festa dende hai anos está pechado e cuberto por unha carpa.

³⁴ Dende hai uns trinta anos a presidenta deste grupo musical de Castro de Rei é ANA CANTO. Este grupo está fomado por valuros mayores; valuriños medianos ; e un grupo de iniciación. No ano 2000, o grupo compoñíase de sesenta persoas. En canto aos instrumentos, que usan temos a gaita, o acordeón, o tambor, o bombo e as cunchas.

cando había bestas pa separar á xente pa tras, pa que non mancaran a nadie as bestas”

³⁵. Levan unha vestimenta de cor branco e unha caraúta de trazos sinistros. Nas súas mans portan un bastón do que pendura un saco de fariña na súa parte inferior. Na actualidade protexen ao Antroido, non permitindo que as persoas se acerquen moito a él; e, tamén, no momento no que é queimado están atentos a que ningunha persoa se acerque a fogueira.

3º. A LECTURA DO SERMÓN.

Denantes de comezar a lectura do Sermón, o Antroido – representado por un boneco, vestido con roupas vellas- é colocado nun lugar axeitado do palco da música.

Logo, unha parella pronuncia dende o palco da música o sermón a xeito de diálogo. O sermón, dende sempre, estaba e segue estando composto por un número indeterminado



de estrofas de
catro versos, case
sempre
octosilábicos, e
con rima
consoante o
segundo e o
cuarto. Os
contidos dos
sermóns reflicten
elementos de

O GRUPO MUSICAL “OS VALUROS” (CASTRO DE REI). AÑO 2017

censura; temas eróticos; louvanzas e, tamén, consellos e recomendación, que se dan ás persoas asistentes. Os sermóns dalgún xeito, ademáis da función humorística que transmiten, tamén levan a cabo un labor pedagóxico. Os sermóns sempre foron e seguen sendo realizados por persoas festivas, que posúen unha boa dose de humor e que saben contactar cos veciños mediante a palabra. “ *Estes sermóns son improvisados ou escritos por persoas da aldea, que están moi acreditados polas súas ocorrencias* ” ³⁶.. Este foi elaborado dende o ano 2010 ata o 2017 por *Edelmiro García de Gobierno*, que xa fixera

³⁵ RUBIEIRO DA PENA, Ana María; PÉREZ PÉREZ, Carolina; ABELLEIRA VEGA, Gloria.: *Ob. cit.*, páx. 68.,

³⁶ RISCO, Vicente.: *Historia de Galiza, dirixida por Ramón Otero Pedrayo*. Cultura Espiritual. Akal. Madrid, 1979, páx. 635.

tamén os dez anteriores. “...e esto, (sermón do Entroido) hai por ahí uns 15 anos, que lle lo fago eu, o sermón”³⁷. Dende o ano 2017 ata o ano 2020, último ano de celebración, realizounos José Luís Cupeiro.

Os Sermóns deste novo periodo reflicten nos seus versos unha serie de claves:

1ª. CLAVE ERÓTICA. Esta manifestase de varios xeitos, calquera dos cales serven para que o público ría e se divirta. Así, podemos percibir como nalgúns versos se realzan os atributos sexuais de ambos dous sexos dunha maneira picaresca e bulrona a base de metáforas populares e moi comprensibles. Ademais, se observa unha tendencia por parte dalgúns homes e mulleres destas comunidades a ir á discoteca “Morango” de Lugo, en principio a bailar e, logo, xa ¡ iremos vendo!. Dícese que hai moitos biquiños e arrimaos. ¡ Como é a xente, carallo!. Así mesmo, hai certos comportamentos dalgúns homes que en vez de tomar unha cerveza na casa ou nun bar próximo, non sei por qué motivos prefiren ir ás Sirenas ou ao Luxor, e mesmo un pouco máis lonxe. ¡ Teñen moita sede!.

Tamén, hai un asunto, que está preocupando a veciñanza . Trátase de que a algúns homes e mulleres deste municipio, e dalgúns próximos estanlles nacendo cornos, non de rebeco senón de cervo nas súas cabezas ¡ Non é para menos a preocupación!.

2ª. CLAVE CRÍTICA. É un dos fundamentos dos sermóns desta década. Manifestase de diferentes xeitos:

2.1. Mediante a crítica dos políticos, a nivel de Estado; provincial e basicamente municipal. Unha constante que afecta moito á política gubernamental é a falta de preocupación polos problemas do agro, e ademais, o interese polo diñeiro, e as subidas anuais. Con respecto á política municipal, preocupa entre outras cousas, os baches e os furados, que hai nas estradas locais. Tamén, dun xeito esporádico, percíbese nalgunhas estrofas unha crítica a política internacional, que levan certos políticos, como Trump, e Maduro.

2.2. Por medio da crítica aos delinquentes, que esnaquizaron “ as cruces de Santa Locaia”, e aos que cometeron os roubos, que houbo en Castro de Rei, e nas igrexas de Goberno e a Ponte de Outeiro (Castro de Rei).

³⁷ RUBIEIRO DA PENA, Ana María; PÉREZ PÉREZ, Carolina; ABELLEIRA VEGA, Gloria.: “ Proyecto de Recuperación da Tradición Oral na Contorna de Viladonga (2). Concello de Castro de Rei”, *en CROA (Boletín da Asociación de amigos do Castro de Viladonga)*. Nº 26, 2016, Castro de Rei (Lugo), páx. 67

2.3. A través da censura a algúns rapaces, encamiñada a corrixir certos comportamentos, que lles poden afectar a saúde; e a algúns, a cuestións de índole laboral.

2.4. Crítica a certas actitudes, que posúen algúns cregos da bisbarra. Estes deben cumprir aquilo no que creen.

2.5. Por medio da crítica contra a violencia de xénero. Aquí, apreciaremos, como hai versos encamiñados a censurar unha violencia de xénero, que está canalizada – as máis das veces- do

home á
muller; mais,
tamén hai
algúns casos
da muller ao
home. Esta
última, aínda
sendo
menor,
coñecese
menos por
vergoña,
agás nos
medios
rurais, onde



todo chega a coñecerse. ***O ANTROIDO SIMBOLIZA AO EX.PRESIDENTE U.S.A. TRUMP. 2017.***

2.6. Mediante a crítica á Seguridade Social a nivel provincial. Esta reflictese preferentemente na tardanza de certas consultas e intervencións.

2.7. Censura aos empresarios lácteos polo prezo da leite. Nalgúns versos están plasmados os 37 días, que pasaron algúns labregos cos seus tractores en torno á muralla.

2.8. Mediante a crítica ó labor dalgunha xuíz, que foi cambiada de destino.

2.9. Crítica a certas actitudes da familia real ; E o que falta por coñecer!

2.10. Por medio da crítica económica. Nos diferentes sermóns desta década podemos percibir unha crítica en tres niveis:

A.- Evasión de capitais a paraísos fiscais. Algo moi común nos que posúen grandes fortunas e nos políticos corruptos.

B.- Crítica a economía parasitaria china. Os industriais e comerciantes chinos aproveitanse das ventaxas fiscais, que lles da España, mais os seus beneficios lévanos prós seus países de orixe coa finalidade de que o Estado chino constrúa novas cidades.

C.- Crítica aos Bancos. Esta crítica reflectida en varias estrofas, analiza dun xeito claro a ruindade daqueles funcionarios bancarios e directores, que mediante enganos, posibilitaron que un bo número de persoas sen os coñecementos axeitados invertisen os seus aforros nas chamadas “**PREFERENTES**”. Houbo persoas, que a tristeza e o engano, levounos a morte, e non tiveron tempo a reclamar. ¿E cantas pensións millonarias houbo nas Caixas de Aforro e Bancos, que se dedicaron a esta tarefa?

2.11. Crítica aos Sindicatos agrarios, en canto que non se preocuparon adecuadamente dos seus afiliados.

2.12. Tamén, forte censura contra aqueles médicos, monxas e demais intermediarios, que interviron nos roubos de meniños, por motivación económica, usando enganos e ás veces coaccións.

2.13. Crítica contra os maderistas e os talleres mecánicos, oficios moi ligadas co agro.

2.14. Crítica a algúns veciños por utilizar algo público (cunetas) como algo propio.

2.15. Crítica a un veciño -Sermón 2020- por enfrontarse á veciñanza.

No obstante, nos sermóns non só se fai alusión a contidos críticos e temas eróticos, senón que tamén hai louvanzas, recomendacións, recordatorios e coñecemento dunha serie de feitos, acaecidos no municipio e limítrofes.

3. CLAVE: LOUVANZAS E RECOMENDACIÓNS.

Nos diferentes sermóns desta década hai alusións positivas á tarefa, que están levando a cabo os médicos do Centro Médico de Castro de Rei. Tamén, ó labor dos veterinarios e farmaceuticos; á tarefa do alcalde, que axuda economicamente ao Antroido, e noutras tarefas; ao grupo musical “Os Valuros”, presidido por Ana Canto, que dende comezos deste século interven nos actos centrais do Antroido, .Ademais, cómpre lembrar o importante recibimento, que deu o presentador de Luar, Gaioso, a unha comisión do “Val de Francos”.

Así mesmo, son importantes as recomendacións, que se dan de ir a votar. Tamén, por medio dos sermóns, danse a coñecer “os drons”, que hai en Rozas; o dano das avespas velutinas; os millóns, que caeron en Vilalba, con motivo da Lotería do Nadal de hai uns anos. E, finalmente, o recordatorio, que se realizou no Sermón do ano 2018, a Edelmiro García e Xosé Manuel Carballo, dous persoeiros importantes desde Antroido, que permanecerán vivos na nosa lembranza.

“ O sermón facía as delicias dos ointes pola súa ousadía verbal e tamén pola súa procacidade insólita nun contexto tan ríxido e regulamentado. Era a única ocasión en que se podían oír en público certas picardías”³⁸.

“ Os testamento constituen unha aspra crítica dos acontecementos do ano na parroquia...Istes actos de censura pública...teñense espricado como de función catártica”³⁹.

A. ALGÚNS SERMÓNS DESTE PERIODO.

1. SERMÓN DO ANO 2012. ELABORADO POR EDELMIRO GARCÍA DE GOBERNO.

1.1. CRÍTICA AO GOBERNO.

“ E dos nosos gobernantes / pouco temos que falar / que non se sabe cal deles, / apura máis a roubar”/



OS FARELEIROS. PARELLA DA GARDA CIVIL SUXETANDO AO ANTROIDO E OS SERMONEIROS. ANO 2018.

1.2. CRÍTICA Á DELINCUENCIA.

“ Pola festa de Santa Locaia / abriron unha investigación (A G. Civil) / a ver quen romperá ás cruces / do Sagrado Corazón”/.

“ Andiveron averiguando / a busca dos delincuentes / a á volta de poucas horas / tiñan dous presuntos clientes”/

1.3. CRÍTICA Á FOIGANZA.

“ Hai algunha xente nova / que non quere traballar / pero á hora de ir de juerga / tampouco queren faltar”/

³⁸ COCHO, Federico.: *O Carnaval en Galicia*, Vigo: Ed. Xerais, 1990, páx. 283.

³⁹ CHIVITE, Taboada.: *Etnografía Galega. Cultura Espritual*, Vigo: Galaxia, 1972, páx. 58.

“Botan toda a semana, / mansos e caladiños, / e cando chega o viernes: / Papá, dame cen euriños”/

“ Chegan as seis da mañá. / Case non se debe contar. / Veñen cheos como pegos / e algún vén a rebentar”/

1.4. PREVENCIÓN AOS LABREGOS.

“ Cuidado ó salir da casa / que vos é mui peligroso. / En calquera corredoira / podedes encontrar o raposo”/

“ Pasoulle aquí a un veciño. / Case non se pode creer. / Mataronlle catro ovellas / que muito deberon padecer”/.

2. SERMÓN DO ANO 2013. REALIZADO POR EDELMIRO GARCÍA DE GOBERNO.

2.1. CRÍTICA A EVASIÓN DE CAPITALS.

“ Hoxe o que está de moda / e roubar moitos millós. / Leválos pra paraísos / e a rascarlles os... “/

2.2. CRÍTICA Á ECONOMÍA PARASITARIA.

“ E, como se foran poucos / os ladrós que temo acá, / aínda veñen os chinos / e ¡ a carretar para alo!”/.

2.3. CRÍTICA AOS BANCOS.

“ Tamén vos hai outros roubos / que teñen a moitos doentes. / Os dos que fiados dos bancos / invertiron en preferentes”/.

“ Eles non sabían nada / e foron ben bos de enganar. / Solo caeron na conta / cando quixeron recuperar”/.

2.4. CRÍTICA AOS ROUBOS DE MENIÑOS (RECEN NADOS).

“ Eso de roubar os cartos / aínda vos é o de menos. / O que a min máis me cabrea / son os roubos de pequenos”/.

“ Morreu esa monxa tan vella / que según dicía a televisión / xa tiña o inferno ganado / e pra ela non hai salvación”/.

2.5. CRÍTICA AOS SINDICATOS AGRARIOS.

“Estámosvos todos fodidos. / E tamén o están os labradores / que han de manter sindicatos / que lles fan poucos favores “/.

2.6. CRÍTICA AO GOBERNO.

“ Para que suba algo o leite / dicen que hai que tiralo. / Case vén sendo o mesmo / ca véndelo e non cóbralo”/

“ Non faría falta ter que dicir / o que o goberno debía facer. / Mirar algo polo campo / que é o que nos dá de comer”/.

“ Cansou de criticar a Zapatero / que solo sabía chupar / pero él metounos nun fregado / do que non nos pode sacar”/

2.7. CRÍTICA A MEMBROS DA FAMILIA REAL.

“ É unha familia mui unida / e querense de corazón / aínda que o Urdangarín / saliulles medio lambón”.

“ Tamén saliu en el Progreso / que o Rei suspende as cacerías / en Butsuana coa súa amiga / e virá cazar aquí un destes días”/

2.8. ENREDOS ERÓTICOS E DE SAIAS.

“ Pasalle como a un de por aquí / que lle gusta a carne allea / pero se se descuida un pouco / untanlle ben untada a mea “/

“ Él foise cunha casada / alá do pueblo da Gata Morta / e aló pola media noite / sintiron ruxir na porta”/

“ Pobres de nos, Filomena / seguro que é o Antón / se nos descuidamos algo / collechenos na función”/.

3. SERMÓN DO ANO 2014. FEITO POR EDELMIRO GARCÍA DE GOBERNO.

3.1. CRÍTICA AOS CREGOS.

“ Que non se olviden os curas, / xente que muito promete, / mándaslles decir unha misa / e por unha cobran sete”/

“ E máis ese de Grueira, / seique agora come mui lento. / Está indo a clases dun político / pra comer máis en menos tempo”/.

3.2. CRÍTICA Á CORRUPCIÓN (POLÍTICOS).

“ Temos outro tema pendente / que merece muita caña. / Trátase da pila de ladrós / que están arruinando España”/.

3.3. CRÍTICA AOS SINDICATOS.

“ E agora que falamos deso (os sindicatos) / querialles preguntar./ ¿ Para que valen os sindicatos / se non fan máis que roubar?”/

“ E que temos uns personaxes / que empezaron de aficionados,, / fóronlle collendo gusto / e agora rouban a ferrados “/.

3.4. CRÍTICA A ALGÚNS CONCELEIROS MUNICIPAIS.

“ Os que dán muito que ver, / se se mira ben ó redor, / son alguns concejales / ¡ Non se sabe cal e millor!”/

“ Hai tres ou catro por aí / mui bos pras colocacións./ Pra traballar na residencia, / pidanlles recomendación”/

3.5. LOUVANZAS A ALGÚNS POLITICOS DO CONCELLO.

“ Teñen un Señor Alcalde / que parece mui traballador / non se pode decir o mesmo / do arquitecto ou aparellador”.

“ Eu diríalle ó señor Alcalde, / que aparenta bon señor, / que entepoña mitá deles / e estaríase ben millor”/

3.6. SOBRE A FAMILIA REAL.

“ Que lle gusten máis os homes / pode non parecernos ben, / pero lo menos que se sepa, / aínda non roubou a ninguén”/.

“ Ahí temos o Señor Rei / gran cazador e mui exacto, / que este ano que pasou / non saliu nada barato”/.

“ Gracias a que tén boa paga / lo menos a xente eso opina / pero gran parte do que gana / débello chupar Corina”/.

4. SERMÓN DO ANO 2015. REALIZADO POR EDELMIRO GARCÍA DE GOBERNO.



CHEGADA DOS SERMONEIROS AO RECINTO FESTIVO. ANO 2020.

4.1. ESTROFAS DE CONTIDO ERÓTICO.

“Cállate, sirvergüenza / No tienes nada que chufar. / Tu chisme de que presumes / sólo te sirve para mear”/

“Ten as pernas como loras / e entre elas un hornillo /. Acábame de reventar / a goma do calzoncillo”/.

4.2. AXUDA ECONÓMICA DO CONCELLO AO ANTROIDO.

“No hablaremos bien de ellos. / Y tampoco hablaremos mal, / que aún dan una ayukdita / para hacer el carnaval”/.

4.3. INFLUENCIA DA DISCOTECA “MORANGO” DE LUGO NESTA BISBARRA.

“Hai unha discoteca en Lugo / que está muito de moda/. Os que pasan por alí / todos acaban en boda”/.

“Una de aquí de entre vós, / os está mui enamorada. / La segunda vez que fue / ya quedó medio preñada”/

4.4. CRÍTICA AOS POLÍTICOS DO GOBERNO.

“Andan todos desesperados / por llegaren al poder / y mirando la manera / de podernos jo...rober”/

“Para gobernar en España / todo o mundo e mui listo, / e despois de colocados, / roubanlle a capa a un obispo “/.

4.5. SOBRE A VISITA DUNHA COMISIÓN DE “VAL DE FRANCOS” AO PROGRAMA DE “LUAR” DA TVG., QUE DIRIXE GAIOSO.

“Hai outra cuestión, señores, / que tamén temos que tocar: /O ben que nos trataron / cando fomos ó Luar”/.

“As malas linguas dicen / que Gayoso é muy pillo / pero a nos según chegamos / xa nos deu un bocadillo”.

“El Entroido do Val de Francos / es un Entroido mui famoso. / Según llegamos allí / ya nos lo dijo Gayoso”/.

5. SERMÓN DO ANO 2016. ELABORADO POR EDELMIRO GARCÍA DE GOBERNO.

5.1. CRÍTICA AOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

“Cando che piden o voto / ándanche a cien por hora / chéganche dando abrazos / i anos de votar señora ? “/

5.2. CRÍTICA AOS EMPRESARIOS LÁCTEOS.

“Ahí tedes o Señor Lence / paréceme medio paspán / cando colle, cando deixa / o equipo do Breogán”/

“Mala centella os coma / a él e ós do seu arredor / por facerse todos ricos / a conta do noso sudor”

“Dice cos ganaderos / andan salindo de festa / pasaron 37 días / na muralla de protesta”/.

5.3. CRÍTICA AO GOBERNO.

“Tivemos unhos gobernos / gobernados por letrados / de tantismo que roubaron / deixáronnos arruinados”/.

“Ahora que andan todos / para metérense no allo / hémoslos mandar a todos /que vayan rascar o carallo!.”/

5.4. INFLUENCIA DA DISCOTECA “MORANGO” DE LUGO NO “VAL DE FRANCOS”.

“Que estás decindo Manuela / alí vai xente formar ! / hata van do Val de Francos / aínda lles á parcer mal !! “/

“Van todas mui ben pintadas / non se sabe se é nova ou vella / donde mellor se lle nota / é na barriga de ovella”/.

“O que entra nesa discoteca / do polígono do Ceao / cando entra vai ben limpo / cando sale...baballao !

6. SERMÓN DO ANO 2017. REALIZADO POR EDELMIRO GARCÍA DE GOBERNO.

6.1. CRÍTICA A TARDANZA DAS CITAS MÉDICAS NA SEGUIRIDADE SOCIAL.

“Falando da Seguridade Social / a xente andavos doente. /Pides vez por un infarto / e dancha pró ano seguinte”/.

6.2. LOUVANZAS AOS MÉDICOS DO CENTRO MÉDICO DE CASTRO DE REI.

“Pero no noso Centro Médico / dígovolo de corazón:/ Sanitarios como eles / non hai en toda a nación”/.

6.3. CRÍTICA A ALGUNHA XUIZ.

“Nela (Televisión) deran muito bombo / á detención da corporación. / Din que unha estela xueza, / buscaba a súa promoción.”

“Ai ! Promocionouche ben. / Desterrada en Andalucía / e cunha serie advertencia / de que mirase o que facía”/.

6.4. CRÍTICA A OBRAS PÚBLICAS.

“ Das estradas destes pueblos / case é millor non falar. / Teñenvos tantos furados / que case non se pode andar”/

“ Hai unos cuantos veciños / que andan a cavilar. / E van falar con Blanco Trigo / a ver se as pode plantar”/.



OS SERMONEIROS E O PÚBLICO ASISTENTE. AÑO 2020.

6.5. CRÍTICA AO PRESIDENTE DOS ESTADOS UNIDOS POLA SÚA POLÍTICA E ACTITUDE PERSOAL.

“ Seique vai facer un muro / pra aislar ós Mexicanos./ Como non fale co Cando / ha ter obra pra cen anos”

“ Estavos podre de cartos / e manexa dólares a montón / pero eu creo que lle falta / muchísima educación “/

“ Anque a muller dese señor / semella ter muita cultura ,/ a él o que máis lle importa / téno abaixo da cintura”/.

6.6. INFLUENCIA DA DISCOTECA “MORANGO” DE LUGO NESTE VAL.

“ Ós rapaces deste Val / queremoslles recomendar: / Antes de quedar solteiros / que vaian por alí atusmar”/

7. SERMÓN DO AÑO 2018. ELABORADO POR JOSÉ LUÍS CUPEIRO DE GOBERNO.

7.1. CRÍTICA AOS MADERISTAS.

“ Imos falar dos maderistas / que teñen moito que rascar, / están desfacendo as pistas, / non hai por onde pasar”/.

“ Cando sacan a madeira, / eles pensan no momento, / si se estragan as pistas, / que as amaño o axuntamento”/.

7.2. CRÍTICA Á SEGURIDADE SOCIAL.

“ Se queres ir o especialista, / pódeche tardar un ano, / para cando che dean vez, / xa pasou o cavodano”/

7.3. CRÍTICA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

“ Os que matan as mulleres, / non teñen perdón de Dios, / colgalos polas orellas,,/ e cortarlles os coll...os “/

7.4. CRÍTICA AOS CREGOS.

“ O cura novo de Ansemar, / non era nada moderno, / se non ías confesar, / mandábate para o inferno”/

7.5. CRÍTICA AO CONCELLO E A ALGÚNS VECIÑOS SOBRE AS PISTAS.

“ Cala a boca compañeiro, / alí (ao axuntamento) non hai que ir buscar, / non ves que teñen as pistas, / casi todas sin rozar !! “ /

“ Vouche pedir un favor, / nesas cousas non te metas, / tamén hai moitos veciños, / que aran hasta as cunetas” /.

7.6. CRÍTICA AOS ROUBOS EN CASTRO DE REI.

“ Tamén roubaron en Castro, / eu aínda non o creía, / que ían romper a porta, / para roubar na docería”/.

“ E seica tamén roubaron, / foi o sábado pasado, / rompéronlle os cristais, / ó de enfrente do mercado”/.

7.7. PREOCUPACIÓN POLAS AVESPAS VELUTINAS.

“ Agora temos outros asuntos / que dan moito que falar, / as avespas velutinas, / non deixan para que mirar” /.

7.8. LOUVANZAS AOS MÉDICOS DE CASTRO.

“ É xente moi preparada / con ganas de traballar, / pero o que non lles gusta nada, / e poñerse a recetar”/.

7.9. COPLAS PICARESCAS, DE FONDO ERÓTICO, SOBRE ALGÚNS VECIÑOS.

“ Tamén hai ben homes vellos / que non che viven mellor, / si se descuida a muller, / vainos buscar ó Luxor”.

“ Hai un entre nosotros / que non che para en Rozas, / porque dice que no Corgo, / sempre hai mellores mozas”/

“ Esto estase animando / e parece que promete / haber !!!! que levante a man / quen alí non botou un canivete”/

7.10. RECORDATORIO DOS FINADOS: EDELMIRO GARCÍA E XOSÉ MANUEL CARBALLO.

“ Os amigos que morreron / que xa non poden estar / que Deus os teña na gloria / querémoslos recordar”/

“ Antes de que marchemos / imos aproveitar a ocasión, / queremos pedir un aplauso, / pros que facían o sermón”/

8. SERMÓN DO ANO 2019. REALIZADO POR JOSÉ LUÍS CUPEIRO DE GOBERNO.

8.1. CRÍTICA Á VIOLENCIA DE XÉNERO.

“ Haiche moitas mulleres / teñen un xenio endemoniado / danlles malleiras aos homes / e manteñeno calado”./

“ Como lle pasou a un / que lle parece que é guapo / atizoulle a muller / seica chegaba de Castro”

“ E o pobre desde ese día /estavos moi acolloado, / porque ela o ameazou, / con mandalo para o furado”/.

“ Tamén hai moitos homes / que matan a mulleres a montón, / pero haivos máis, / que as queren de corazón”/.

8.2. CRÍTICA AO GOBERNO E AOS POLITICOS EN XERAL.

“ A xente que nos goberna / eche tropa moi lixeira / do único que teñen ansia / é de encher a carteira “/.

“ Discútenche coma cans / nunca se ponen de acordó,/ no único que coinciden, / e para subírense o soldo”/.



OS MEMBROS DO XULGADO. ANO 2015.

8.3. LOUVANZAS AO ALCALDE.

“ Tamén temos un alcalde / dos que xa quedan poucos / seica chegaron rozando / a mesmísima casa de Rouco”/.

“ Andan traballando a reo / non paran nin para mexar/ seica antes das elección, / non queda silva sen rozar”/.

“ E tamén che me contaron / que queren as pistas bachear, / van empeñar ó concello, / pareca que os vaíamos votar”/.

8.4. LOUVANZAS AO CENTRO MÉDICO MUNICIPAL.

“ Temos médicos moi bos, / xente con moita experiencia, / pero para aturar algún, / téñenche boa paciencia”/.

8.5. CRITICA A ALGÚN SECTOR DA XUVENTUDE.

“ Temos unha xuventude, / algúns sonche ben bos,/ pero haiche moitos outros/ que andan a trompicós”/.

“ Marchan o venres de festa, / eles vanche a desfrutar / e ós pobriños dos vellos / póñenos a traballar”/.

8.6. CRÍTICA A ALGÚN POLÍTICO INTERNACIONAL: MADURO.

“ Ese tipo polo visto,/ non debeu ter moita escuela / como un home tan burro / vai gobernar Venezuela”/

“ Ese non vai gobernar máis / imolo meter no lume, / xa veredes nun momento / como está botando fume”/.

9. SERMÓN DO ANO 2020. ELABORADO POR JOSÉ LUÍS CUPEIRO DE GOBERNO.

9.1. CRÍTICA VECIÑAL.

“ Tamén temos un veciño. / Ojalá nunca aquí fora /. Mui a gusto quedou sua mai. / O día que o botou pa fora”/.

“ Parecelle que é mui listo. / Métese cos veciños. / Ten cuidado meu amigo. / Non che roupan os fuciños”/.

9.2. CRÍTICA AOS ROUBOS DE IGREXAS DO MUNICIPIO.

“ Ahí na igrexa de Outeiro / Parece que iban varios. / Pois seique desapareceron / Saco e medio de rosarios”/

“ Sin embargo en Goberno / fixeron o que lles deu a gana / envés de entrar pola porta / entraron pola ventana”/.

9.3. CRÍTICA AOS TALLERES.

“ Os que teñen os talleres / rouban a súa maneira /. Eles sempre buscan a forma / de baleirarnos a carteira”/.

9.4. CRÍTICA AOS POLÍTICOS.

“ Tamén rouban os políticos / non teñen perdón de Dios. / Se nolos puxeran a xeito. / Tamén roubabamos nós”/

9.5. LOUVANZAS AOS VETERINARIOS.

“ E temos os veterinarios / que cumpren a súa función / igual atenden un parto / que che fan reprodución”/.

9.6. DESAPARICIÓN DE CERTAS TAREFAS.

“ Os muñeiros polo visto / están desaparecendo / non é unha broma amigos / botar o día moendo”/.

9.7. CRÍTICA AOS CREGOS.

“ E tamén temos os curas / xente de gran vocación / como nos descuidemos un pouco / gobernannos a nación “/.

9.8. CRÍTICA A ALGÚNS RAPACES/AS.

“ Os rapaces e as rapazas / tamén teñen muito vicio / pasalles a vida por diante / sin aprender un oficio”/

9.9. LOUVANZAS ÁS FARMACIAS.

“Nesa farmacia de Castro / hai xente con preparación / tanto che matan as pulgas, / como che miran a tensión”/.

“ Tamén hai outra en Triabá / que ten un vicio muy bon / sempre che mete na bolsa / unha pastilla de xabón”/

9.10. ACONTECEMENTOS
NO MUNICIPIO: A NOVA
APERTURA DA
DISCOTECA “HERMO”.

*“ Xa volveu a abrir HERMO
/ aquí nesta a Terra Chá /
seica queren mirar / de
aumentar a natalidá” . /.*

9.11. INFLUENCIA DA
DISCOTECA “MORANGO”
DE LUGO NESTE VAL.

*“ Seique van tres (mulleres)
desta zona / teñen a cousa
mui calada / unha separada,
unha viuda, / e tamén unha
casada “/*

*“ Vanche mui maquilladas / e
ofrecen muito cariño / de
momento que se sepa /
ninguén lles entrou no niño”
/*

9.12. FALTA DE
EDUCACIÓN DOS
POLÍTICOS.

*“ Estamos vivindo unhos
tempos / que non sabes donde
vas / cos políticos que temos /
mal educados como cás”/*



MÁSCARAS DO ANTROIDO. ANO 2015.

9.13. CRÍTICA POLÍTICA. INTERESE POLO DIÑEIRO.

*“ Non te fies desta xente (os políticos) / que son iguais cos fazais / discutenche coma tolos /
haber quen vai comer máis”/*

9.14. CONSELLO POLÍTICO.

*“ E antes de cambiar de tema / queremoslles recordar / que o día 5 de Abril / vaian todos a
votar”/*

9.15. LOUVANZAS AOS VALUROS.

“ Felicito ós Valuros / pola súa actuación / todos eses rapaciños / son a miña admiración”/.

9.16. QUEIMA DO ANTROIDO. CULPABLE DOS MALES DO ANO.

*“ Según o vedes ahí / tan tranquilo e campechano /seique vos foi o culpable / dos males de todo
o ano”/.*

“Mandounos muitas borrascas / eso digobolo ahora / unha chamada Elsa / e a outra chamada Flora”/.

4º. O XUIZO AO ANTROIDO.

Ao rematar o sermón comeza o “Xuizo ao Entroido”, no que normalmente interveñen tres persoeiros: un xuíz, un avogado defensor e un fiscal. Este remata coa sentenza de queimar ao Antroido, que se leva a cabo nun lugar preto do recinto festivo mais afastado do público asistente. Dende o ano 1992 todos os xuízos foron elaborados polo crego **Xosé Manuel Carballo**, importante persoeiro deste evento festivo ao igual que **Edelmiro García**, ambos os dous xa finados.

4.1. ALGÚNS “XUIZOS AO ANTROIDO” . ANOS 2013 E 2014.

Nos xuízos do 2013 e 2014, Xosé Manuel Carballo abandona a versificación, que utilizara dende o ano 1992 ata o intre actual, e comeza a realizar pequenas pezas teatrais, nas que tamén adoitan intervir tres persoeiros ou máis, dependendo dos casos. No do ano 2013, interveñen tres personaxes: un xuíz, un avogado defensor, e un fiscal. Cómpre sinalar que Xosé Manuel desenvolverá este xénero literario ao longo da súa vida. De aí as súas obras teatrais: “O Menciñeiro a forza” ; “Bo Nadal”; “Recobrou o sorriso o Eleuterio”; “Auto do Nadal”; “Dous vellos e unha soidade” con Marica Campo; “Vaise pechar outra casa máis”, en colaboración con Xulio Pita; e “Unha noite de Ruada”, con Samarita Canto.

O xuizo deste ano é breve, e ademaís sumaráisimo debido a que na sociedade actual hai problemas de toda índole e ademaís, moi graves.

* Problemas de corrupción, orixinados pola actuación egoísta e miserable dalgúns políticos, que utilizaron e seguen usando os seus cargos de responsabilidade social para beneficiar a certas empresas e grupos empresariais na adxudicación de obras públicas; isto levano a cabo a cambio de comisións económicas importantes. Tamén, dícese que o financiamento dalgúns partidos políticos ás veces transpasa a legalidade (créditos bancarios, cotas de participación polos escanos acadados nas diferentes eleccións, cotas de militantes ...) e neses casos adoitan ser receptores de comisións de empresarios, para que cando chegue o momento axeitado haxa un efecto compensatorio na adxudicación libre de obras públicas. E aquí comezan outros problemas xa que dalgunha maneira todos están relacionados. E así, empezamos a falar dos problemas, que sofre o ensino público e a sanidade polos recortes que lle quita o Estado, para empregar ese diñeiro -que é público- na privatización de certos sectores públicos, que van a ser controlados pola empresa privada...; Pero hai máis! E así entramos nos problemas sociais xenerados polo paro e o seu continuo incremento. Non houbo unha planificación axeitada e, ademaís, o principio de igualdade

de oportunidades, algo que aparece escrito en cantidade de Declaracións de carácter institucional para enganar as persoas, é un principio inoperante. ¡ No obstante, aínda hai máis!. E así, podemos facer alusión ao latrocinio e ruindade dos bancos, que ofreceron “accións ou valores preferentes” a través dos seus funcionarios e directores, enganando a persoas – con poucos coñecementos ; menos mentiras!- , que perderon os aforros da súa vida. Mai iso non foi atranco para que directivos de Caixas e Bancos se retirasen con pensións millonarias ; Acaso non foi verdade!. Mentres tanto producíanse tamén recortes nos servizos sociais, o que provocou un aumento cuantitativo do sector máis desfavorecido, a “ xente do común”.



PORTANDO AO ANTROIDO PARA A QUEIMA. ANO 2014.

Polo tanto, diante desta situación calamitosa, indignante e de auténtico caos, tanto un xuíz como un fiscal honorables, teñeno fácil para buscar culpables e para xulgar en consecuencia. Pola contra, o avogado defensor teno – ao menos teóricamente- moi arduo e difícil.

¡ Mais agora ben o millor! ; Prestade atención! Aínda que a sentenza do xuíz é de culpabilidade, esta vai a recaer, no parvo, nun chivo expiatorio, que é o Antroido, sobre o que recaen todas as ruindades e maldades do ano, neste caso, ***os gurteles, os eres, os pokemos, os faisans....*** E, así ante a delicia do público, que asiste ao evento, o Antroido é queimado.

No obstante, sempre quedará unha pregunta pendente: ¿ Sacará o público algunha lección deste xuízo? ¿ fará algunha reflexión sobre quen reae a culpabilidade?.

1. SENTENCIA DO ANTROIDO DO “VAL DE FRANCOS” 2013.

XUÍZ.- Despois de escoitar e desfroitar co Sermón, imos proceder ao Xuízo do Antroido seguindo con que xa é tradición aquí no Val de Francos. Este ano seará un xuízo abreviado e sumarísimo. Os xuízos sumarísimos, nos que se xunta nun só acto e momento, instrucción, valoración das probas, acusación, condena e execución da sentenza, é moi propio dos tempos de guerra. E en guerra debemos estar, porque nos atacan e nos disparan de tódolos lados. En consecuencia. Acúsase ao imputado aquí presentge e de todos coñecido como o Antroido, en primeiro lugar, de ser o impulsor de toda a corrupción da clase política. ¿ Ten algo que decir a defensa?

DEFENSOR.- Non tódolos políticos son corruptos.

XUÍZ.- Señor Fiscal ?

FISCAL.- Aínda que non todos o sexan, os que o son sono ata as orellas, e contaminan aos outros.

XUÍZ.- A segunda acusación que recae sobre él é a de ser o causante de tódolos recortes, no ensino, na sanidade, nos servizos sociais. ¿ Defensa?

DEFENSOR.- Non todos sobren eses recortes.

XUÍZ.- ¿Ministerio fical?

FISCAL.- Non todos os sofren, pero sófrenos as capas da sociedade máis desfavorecidas e que, polo mesmo, saen máis prexudicadas.

XUÍZ.- Outra das gravísimas acusacións é a do aumento progresivo do paro desde os comezos da crise.

DEFENSOR.- Sempre houbo paro, e sempre houbo quen cobraba o paro e traballaba ao mesmo tempo noutra cousa.

FISCAL.- Puido e pode haber quen leve dous cachos de pan para a súa casa para un só fillo, pero cada día son máis os que non teñen nin un só cacho de pan para máis de dous fillos.

XUÍZ.- Van sendo suficientes os cargos, pero aínda queremos acusalo dos recortes e conxelación das pensións ¿ Ten algo que decir a este respecto a Defensa?

DEFENSOR.- Cando se conxelan as pensións, conxélanse para todos, máis ou menos nunha mesma proporción.

XUÍZ.- ¿ E o Fiscal quere alegar algo?

FISCAL.- Si. Non é o mesmo conxelar unha pensión de catrocentos ou seiscientos euros ca conxelar unha de mil seiscientos ou de aí para riba. Non é o mesmo o poder adquisitivo.

XUÍZ.- Xa para rematar, a última acusación, e non por ser a última se considera a menos grave, é a de ser o inventor e o indutor das chamadas accións preferentes. Non creo que a isto teña nada que obxectar a defensa.

DEFENSOR.- Teño, Señoría. Moitos dos que adquiriron accións ou valores preferentes foi foron movidos pola avaria.

XUÍZ.- ¿ Sr. Fiscal?

FISCAL.- Que algúns actuasen por avaricia non xustifica que moitos outros fosen enganados como incautos e ignorantes . Nin que, mentres que algúns perderon tódolos seus aforros, directivos de bancos e caixas se retirasen con pensións multimillonarias á conta dos aforros dos outros.

XUÍZ.- Abonda co dito por este ano para pasar ao Antroido de imputado a condenado. E condénase a ser queimado e esturruxado públicamente para escarmentó de banqueiros, (non

bancarios), de barcenas, gürteles, faisanes, eres andaluces, campeón, pokemóns, e ata míticos beiras birchaquetas. Procédase á súa queima en lugar suficientemente alonxado do público para non causar máis dano a ninguén. Pero antes escoitemos unhas palabras da súa Maxestade e da familia real, que hoxe nos honran coa súa presenza.

2. ANEXO AO XUIZO DO 2013. INTERVENCIÓN DA FAMILIA REAL.

Trátase tamén dunha breve peza teatral, na que interveñen seis persoeiros, que realizan os seguintes papeis: O rei (logo Amérito); o da rainha: o de Felipe (agora rei); o de Letizia (agora reina); o da Infanta Cristina (con amnesia); o de Urdangarín . A verdade, que foi unha sorpresa, cando denantes da queima do Antroido vemos chegar a unha parte da familia real, ao “Campo de Carril”, parece ser que invitados por un personaxe nobiliario, vido a menos. Este, era coñecedor que a familia real era deficitaria do aire puro da Chaira; de aí a súa invitación . Se mal non lembro, hai anos os reis, xa fixeran presencia por estas terras chairegas nuns intres diferentes aos actuais, xa que daquela non tiñan déficit deste aire debido a que a capital do Reino estaba máis limpa e con menos ruído. Dican que fuxen dos periodistas e non é pra menos, xa que sempre foron obxecto da noticia e moita máis agora. Menos mal que tiveron a sorte de encontrar coa susodita invitación e ademais coa gratitude dos paisanos deste fermoso Val de Francos.



INICIO DA QUEIMA DO ANTROIDO. ANO 2014.

Neste Antroido asistimos como noutros, sexan galegos ou non, a unha inversión de papeis e situacións, que imos ir analizando no diálogo, que manteñen estes membros da realeza. Así, percibimos, que é unha familia desunida, segundo o Rei (futuro Amérito), mais unida dende a óptica da Rainha. Primeira inversión carnavalesca. O primoxénito Felipe (actual Rei) é o símbolo

da nenez e, polo tanto, aínda non é responsable dos seus feitos, mentres que o Rei (futuro Amérito), é o adulto, que representa, como Xefe do Estado, a máxima responsabilidade social --segundo o Amérito-. Os feitos amosan todo o contrario. Segunda inversión ou transgresión carnavalesca. Tamén, aparece en escena Isabel Sartorius, como dona do actual rei Felipe –segundo o Rei (Amérito)- situación que lle corrixe Letizia. Terceira inversión carnavalesca. E agora entramos nun dos elementos clave desta peza teatral, que é “ a carnalidade do Antroido”, simbolizada polos elefantes identificados con tres fermosas mulleres como Sara Montiel, Barbara Rei, e Corina ; E AS QUE FALTAN!. Estas simbolizan a parte voluptuosa, sensual e lasciva do Antroido.

No obstante, hai situación nas que o efecto carnavalesco esmorece, e así vémolos cando o Rei (Amérito), dice que as súas fillas son “medio retrasadas mentais”; isto, non se pode invertir, xa que se produciría unha ruptura que o mesmo Antroido non aguantaría. Iso si, o futuro Amérito, rei actual, tiña que ser máis delicado co termo, e así empregar outros, que poderían entrañar máis cariño e dulzura como “faltalles un fervor”. O mesmo sucede cando lle chama “ladrón” ao seu xenro, o danzarín. Non o podemos invertir. ¡ Sería moi forte! Podería esnaquizar ao Antroido. Seguindo coa dinámica desta peza cómica mais con trazos dramáticos, chega un momento que ao rematar coa lectura, percibimos como hai unha frase, que se repite catro veces. Estoume a referir a *“Me he equivocado y no volverá a ocurrir”* . Unha frase, que pola súa reiteración, pode provocar hilaridad, risa e mesmo carcajada, mais inherente á mesma temos que sacar unha profunda lección. Esta frase, reflicte o momento no que o monarca pide desculpas aos integrantes do Reino, que preside, e anos despois sucede o que todos estamos percibindo.

En suma, Xosé Manuel, autor da peza teatral, danos en pleno Antroido unha gran lección cómica mais tamén de pedagogía. E dicir non podemos mirarnos nun espello, que quizais nun primeiro momento foi transparente, mais co paso dos anos foise esnaquizando paseniño por circunstancias coñecidas por todos. Amigo Carballo, hoxe se os teus ollos viran o que está pasando tiñas material para realizar moitas pezas teatrais.

*** PEZA TEATRAL. INTERVENCIÓN DA FAMILIA REAL NO ANTROIDO.**

REY.- Señores predicadores, señores miembros del jurado, españoles y extranjeros, lucenses y valdefranquinos, antes de la quema del Antroido permitidme expresar mi profunda gratitud y la de la familia real por permitidnos refugiarnos aquí en este vello paraje, -invitados por el Conde de Picatelos- escapando del mundanal ruido y de la persecución de los periodistas que no dejan de tocarnos los...galones... ¡Sí! ¡Los galones, hombre, los galones!. Es para nosotros un motivo de profunda satisfacción encontrarnos aquí en este campo del Carril derecho.

REINA.- (Polo baixo). Del Carril a secas.

REY.- (Mira máis de cerca o discurso). Eso. Del Carril a secas. Lo siento mucho. Me he equivocado y no volverá a ocurrir...Bien sabéis que estamos pasando por otro mal momento, pero seguimos siendo un claro ejemplo de una familia muy...desunida.

REINA.- (Tíralle pola chaqueta). Unida.

REY.- Unida...Lo siendo mucho. Me he equivocado y no volverá a ocurrir...Mi hijo, Don Felipe; a pesar de haber nacido el año 1968 no acaba de ser mayor de edad.

FELIPE.- Majestad, tengo 45 años.

REY.- Si, pero no eres mayor de edad y cállate antes de que te haga callar tu mujer...Isabel Sartorius.

LETIZIA.- ¡ Letizia! Querido suego. ¡ Letizia!.

REY.- Eso. Letizia. Lo siento mucho. Me he equivocado y no volverá a ocurrir. La Reina y yo hace mucho que ya no dormimos separados.

REINA.- En la misma cama.

REY.- Eso. No dormimos separados en la misma cama...Porque yo ronco mucho y sueño en alto con...

REINA.- Elefantes.

REY.- Eso...Ahora también les llaman elefantes a Sara Montiel, a Bárbara Rey y a Corinna...El Marichalaro, que ya me parecía medio pampallón, nos salió de rapar y peinar. Parece que se presta para casi todo menos para Duque de Lugo...Las hijas de la Reina...

REINA.- Y Tuyas.

REY.- Eso...Y tuyas, Sofía...Parecen medio retrasadas mentales; porque ¿en que pensaría también la que casó con el bailarín?.

INFANTA CRISTINA.- ¡ Urdangarín, papá, Urdangarín!

REY.- Eso...¡ Ladrón, hija, ladrón!

URDANGARÍN.- Un respeto, por muy rey que sea, querido suegro por ahora. Un respeto.



QUEIMA DO ANTROIDO. 2020.

REY.- Lo siento mucho, querido yerno...Me he equivocado y no volveré a llamarte...bailarín.

LETIZIA.- Será mejor que termine Majestad, que es la hora de la medicación.

REY.- Será...¿ Y tú, plebeya, me puedes explicar por qué llamándote Letizia, que significa alegría, andas siempre con cara de luto?...Vayams bajando, pero con cuidado en las escaleras,

porque a mi ya no me quedan más caderas que romper... Mi familia y yo les deseamos a todos los presentes y también a los catalanes... ¡ Unha feliz Navidad y próspero Ano Nuevo!.

3. XUIZO DO ANTROIDO. ANO 2014.

O xuízo do ano 2014, tamén é unha peza teatral curta. No obstante, é máis longa que as do ano anterior. Interven en cinco persoeiros: O xuíz Castro; a infanta Cristina; o avogado do Estado; o fiscal anticorrupción; e dous garda-espaldas da infanta. ***A representación corre a cargo do grupo de teatro “ Os Baluros”.*** A posta en escena é a seguinte: O xuíz Castro chegará en moto sempre que sexa posible, ben conducindo ou levado por outra persoa. Nun coche de alta gama, veñen o avogado do Estado e o fiscal cun chofer, que fica no coche. Noutro, tamén de alta gama ven a infanta con dous garda-espaldas, un deles conducindo. Suben ao estrado por esta orde: xuíz, avogado do Estado, fiscal e a infanta cos garda-espaldas. Cómpre que haxa unha mesa, catro cadeiras, e os micros necesarios. Un dos gardas saca unha metralleta de xoguete de debaixo da súa gabardina; o outro observa ó público cuns prismáticos cada pouco tempo. Permanecen de pé. Inicia a sesión o Xuíz, dicindo que o xuízo vaise celebrar en castelán, sen que sirva de precedentes. Entre os motivos que aduce para levar a cabo de novo o interrogatorio, sinala a de que hai que dar a impresión de que a xusticia é igual para todos; a de darlle máis fama e acadar un ascenso denantes da xubilación..., e de entreter ao público asistente para darlle de que falar e deste xeito que non falen do que deberan, xa que non convén. Ao longo do xuízo vaise a establecer un continuo diálogo entre o xuíz Castro e a infanta, e así podemos sinalar algunhas intervencións de ambos os dous.

I. CRISTINA.- ¿ Por qué se fai en castellano?

XUIZ.- Porque si no fuese en castellano, tendría que ser en catalán ya que la cosa empezó en Mallorca, pero como el equipo de traducción simultánea es de la marca “Ecler”, que es española, Artur Mas dice que ese equipo falsea intencionadamente la traducción. Pero para no hacerle la pelota a Ar3tus Más, decidimos decir que está jodida.

A partir deste momento o xuízo céntrase no diálogo entre o xuíz e a infanta, sendo o máis resaltable os continuos esquecementos da infanta.

XUIZ.- A ver ¿ sabe usted, lo que es Aizoon?

I. CRISTINA.- ¿Me repite?.

XUIZ.- Imitando a un abellón. Ai-zooooo-ón?

I. CRISTINA.- Imita o mesmo son. Ai-zoooo.ón...Pues será ¿ un abejón! ¿No?

XUIZ.- ¿ Es usted copropietaria de Aizooo-ón con su espso Iñaki Urdangarín.

I. CRISTINA.- ¿ Iñaki que?

XUIZ.- Ur-dan-ga-rin . ¿No le conoce usted?

I. CRISTINA.- Yo no, ¿ Y usted?

XUIZ.- Ur-dan-ga-rin es su es-po.so.

I. CRISTINA.- Pues, créame, Señoría. Si le he visto, no me acuerdo.

O xuízo segue cunha serie dialogada entre o Xuiz e a Infanta, que resulta cómica e divertida.

XUIZ.- Sabe usted a donde fueron a parar los 5, 7 millones de euros de las Administraciones públicas de que se apoderaron su esposo y Diego Torres por medio del Instituto Noos.

Segue a mesma dinámica de non lembrarse de nada. Sen dúbida pasa por un proceso amnésico de comenencia. No obstante, hai uns días lembraba que puxera a vacuna nos países do Golfo. Tanto o avogado do Estado como o fiscal anticorrupción manteñen unha postura totalmente pasiva, como se dantemán souberan que este xuízo non ía chegar a bo porto. A proba está en que o avogado, estivo facendo a manicura durante o xuízo e o fiscal a depilación. O denominador común de ambos os dous é considerar o xuízo unha antroidada, algo que tamén acepta o Xuiz, sinalando ao Entroido (boneco) como único culpable.

No obstante o **XUIZ** engade o seguinte:

Se eu, son o xuíz que son, se este é o Antroido de Val de Francos, no Concello de Castro de Rei,...
¡ Nin Artus Mas, ni Galicia Bilingüe, nin traducción simultánea, nin rabos de gaitas. A sentenza vai en galego como eu me apelo Castro e non aspiro a ningún ascenso. Así que : Condénase ó susodito Antroido a arder esturruñado como todos estes anos... Vostede, señor Fiscal, a cazar, pescar, ou facer o que lle dea a gana... Vostede, señor Avogado do Estado, a seguir chupando do bote e defendendo ó Estado contra os cidadáns que lle pagamos... A vostede Alteza... se a vin non me acordo, aque tamén eu teño dereito a que me falle a memoria. Volvamos a ser amigos. (Dalle a man). Eu, collo a miña moto e pírome...



O GRUPO DOS FARELEIROS, MÁSCARA TÍPICA DO “VAL DE FRANCOS”

Pois ben, todo o mundo percibe como a xusticia é un principio teórico, que tiña que ser tamén operativo. Mais en casos, como o sinalado, a xusticia está fixada dantemán e quen paga os platos rotos é O Antroido. É un cabeza de turco ou mellor un chivo expiatorio do que cada vez se está

botando máis man. Quedanos, iso si, a defensa do galego, como instrumento válido para comunicar a sentencia, e a ante isto non hai cesións, xa que sería ir contra un dos elementos básicos da identidade da nosa comunidade ⁴⁰.

IV. CONSIDERACIÓNS FINAIS.

Como en moitas comunidades galegas, o Antroido represéntase nun boneco de palla, vestido con roupa vella e cuberta a súa cara cunha caraúta, que amosa trazos sinistros.

Os membros da comisión do “Val de Francos” achégano todos os anos ao campo de Carril –onde se celebra a festa- nun vehículo, nunha cabalería, nunha barca, nunha moto, enriba dun tractor, etc. Alí, dase lectura ao “Sermón do Antroido” e logo lévase a cabo o seu “Xuizo”.

Os sermóns, ao longo da historia deste Antroido, foron realizados por persoas da comunidade de Ansemar -nun primeiro momento; e, logo, por persoas das comunidades parroquiais, que levan a cabo conxuntamente o Antroido. Estas posúen uns trazos moi característicos: trátase de persoas, que teñen humor e gracia; ademais, amosan un profundo coñecemento non só do seu entorno vital, senón tamén do exterior; posúen unha gran espontaneidade; non lles resulta difícil ir na procura do novidoso; son capaces de transmitir coas palabras axeitadas os diferentes eventos sociais, usando o humor e a ironía.

“ Estes sermós son improvisados ou escritos por persoas da aldea, que están moi acreditados polas súas ocorrencias” ⁴¹. Adoitan ser solidarios coa comunidade; participan noutros actos festivos da parroquia e doutras comunidades. Todas estas cualidades posibilitan que sexan referentes importantes para as comunidades, que integran o “ Val de Francos”, e ademais que posúan unha capacidade de persuasión digna de ter en contra. ***“ Facía as delicias dos ointes pola súa ousadía verbal e tamén pola súa procacidade insólita nun contexto tan rixido o regulamentado. Era a única ocasión en que se podían oír en público certas picardías”*** ⁴².

En todos os sermóns realízase unha crítica social e política de diferentes eventos intraparroquiais e extraparroquiais. Tamén adoitan darse consellos e recomendacións

⁴⁰ O XUIZO COMPLETO DO ANO 2014, ENCONTRASE NA SEGUINTE PÁXINA DIXITAL: [HTTP:// ENTROIDO. GALICIADIGITAL.COM/ARTICULOS/ANTROIDO-DE-VAL-DE-FRANCOS](http://entroido.galiciadigital.com/articulos/antroido-de-val-de-francos).

⁴¹ RISCO, Vicente.: **Ob. cit.**, páx. 635.

⁴² COCHO, F.: **Ob. cit.**, páx. 283.

axeitadas sobre diferentes ámbitos vitais, comezando polo rural ata chegaren a outros que, aínda que nun comezo poden resultar novidosos, co paso do tempo convertense en



habituais. Ademais, os temas eróticos saen a relucir en todos os sermóns, provocando a consabida hilaridad entre os asistentes. Pois ben, todo isto lévase a cabo nun ton bulresco, sarcástico, e irónico, provocando risa e mesmo, nalgúns casos, carcajadas entre os asistentes.

Ao longo da historia deste Antroido, temos que sinalar a unha serie de sermoneiros, que merecen o noso recoñecemento e eloxio pola tarefa, que fixeron no decurso da súa vida. Estes foron: *Laxe de Loentia, Elías de Concha de Ansemar, Salvador de Aguiar de Goberno, Serafín de Tito de Quintela, Eleuto e Hipólito de Ansemar, e Edelmiro de Goberno*. Este último elaborou os quince últimos sermóns ata o ano 2017. “...e esto,

ALGÚNS MEMBROS DA COMISIÓN

(sermón do Entroido) hai por aí uns 15 anos, que lle lo fago eu, o sermón”

⁴³ . Dende o ano 2017 ata o ano 2020, último ano de celebración, realizounos o seu fillo José Luís Cupeiro.

Ao rematar o sermón celébrase dende o ano 1992 o “Xuizo ao Entroido”, no que normalmente interveñen tres persoeiros: un xuíz, un avogado defensor e un fiscal. Todos os xuizos foron realizados ata o intre actual polo crego Xosé Manuel Carballo.

⁴³ RUBIEIRO DA PENA, Ana María; PÉREZ PÉREZ, Carolina; ABELLEIRA VEGA, Gloria.: “ Proyecto de Recuperación da Tradición Oral na Contorna de Viladonga (2). Concello de Castro de Rei”, *en CROA (Boletín da Asociación de amigos do Castro de Viladonga)*. Nº 26, 2016, Castro de Rei (Lugo), páx. 67

Ao rematar o Xuízo, o Antroido é queimado no “Campo de Carril”, mais nun lugar afastado do público asistente, que contempla a vistosidade da queima.

O Antroido en “Val de Francos” era e segue sendo simbolizado por un boneco, xeralmente feito de palla, ao que visten con roupas vellas, xa que “o vello” é unha das formas coas que se representa a carnalidade e, polo tanto, ao Antroido. A este boneco adxudícanlle todas as desgracias e sucesos adversos, acaecidos neste Val durante o ano. Isto motiva, que sexa condenado a ser queimado no lume. “*Él ven a ser como o chivo expiatorio de todos os males da comunidade*”⁴⁴.

Neste Antroido, apreciamos unha inversión de roles, que está reflectida nos diferentes disfraces e máscaras que se atopan no campo da festa, sobresaíndo desde sempre as “dos fareleiros”⁴⁵, que levan a cabo unha representación teatral, espontánea e improvisada ao actuar, co seu rol característico, entre a xente asistente ao evento. Os fareleiros na actualidade teñen o cometido de velar pola orde no campo da festa, de abrir paso á comitiva do Antroido e de evitar que os espectadores se acheguen de máis á queima do Antroido. Ademais, este Antroido ao igual que sucede noutras comunidades do ámbito galego é un importante elemento identitario para os lugareños, que integran este val, agarimoso e fermoso, de Francos. Este carácter identitario non ven dado pola homoxeneación de ideas e xeitos de actuar dun sistema, que impón uns criterios uniformes, senón pola creatividade e espontaneidade dos membros desa comunidade, na que se celebra o evento⁴⁶. Así mesmo, o baile e a música, constitúen os elementos cume onde a liberación da sensibilidade é máis notoria facéndose patente na ruptura das normas, que presionan a conducta dos integrantes dunha comunidade. Polo tanto, toda festa, posibilita un tránsito do cotiá a situacións onde a espontaneidade, a diversión e o relaxamento dos costumes poden ter lugar.

Finalmente esta festividade conleva en si mesmo a risa polo que está acaecendo, produto da teatralidade, da inversión de situacións e da parodia de diferentes feitos da vida real. Polo tanto, non resulta estrano pensar que os que mandaban hai anos tivesen inquedanzas

⁴⁴ COCHO, F.: O Entroido Galego. Vigo: A Nosa Terra, 1998. Páx. 35.

⁴⁵ O fareleiro constitúe un importante disfraz para o “Val de Francos”. Vai provisto dunha careta, dun mono – case sempre de cor branco- , e algunha pel.

⁴⁶ FIGUEIRA TENREIRO, Sabela. *O Antroido onte e hoxe. Achegas ao estudio desta festividade na Terra Chá*. Revista Dixital de “Galicia Encantada”. Web.: www.galiciaencantada.com. Páx. 19.

⁴⁶ COCHO, Federico. *O Carnaval en Galicia*. Vigo: Xerais, 2007. Páx. 245.

coa risa do pobo, xa que ía dirixida de cara a unha legalidade vixente imposta ríxidamente
47.

V. BIBLIOGRAFÍA.

BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme.: Achegas históricas ao Antroido de Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI, *en Croa (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga)* nº 19 ,2009.

CARBALLO FERREIRO, Xosé Manuel.: “Memoria. Presentación. Prólogo”, *en Máis de media ducia de escritores chairegos e ao Antroido*. Coord. por Asociación de Val de Francos. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993, páx. 3.

CARO BAROJA, Julio.: *El Carnaval. Análisis hitórico-cultural*. Barcelona: Taurus. 1979.

COCHO, Federico.: O Carnaval en Galicia, Vigo: Ed. Xerais, 1990.

COCHO, Federico. *O Carnaval en Galicia*. Vigo: Xerais, 2007.

CHAO REGO, Xosé.: “O Entroido é unha entrada”, *en Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Coord. Xosé M. Carballo Ferreiro. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, Lugo, 1993, .Dirección Xeral de Política Lingüística.

FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A.: “IV. Cara a unha busca do sentido do Carnaval ourensán”, en *As Caras do Entroido Ourensán*. Deputación de Ourense. Fundación Caixa Galicia, 2009.

FIGUEIRA TENREIRO, Sabela. *O Antroido onte e hoxe. Achegas ao estudio desta festividade na Terra Chá*. Revista Dixital de “Galicia Encantada”. Web.: www.galiciaencantada.com.

FIGUEROA PAZ, Antonio.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (Six). Autor do mapa de localización.

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio.: *Do Entroido*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego. Colección Alicerces, nº 6, 1994.

GAIGNEBET, Claude.: *El Carnaval. Ensayos de mitología popular*. Barcelona: Ed. Alta Fulla, 1984.

GARCÍA CENDÁN, Bernardo. “O desacougo da risa”, en *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

G. AMARELLE, Raquel.: *Galicia en Entroido*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2006.

⁴⁷ García Cendán, Bernardo. “O desacougo da risa”, en *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993, páx. 52.

GONDAR PORTASANY, Marcial.: Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmo e o nós outros, Vigo: A Nosa Terra, 1993, páxs. 173-174.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Oscar J.: *Mascaradas de la península ibérica*, Oviedo: Ed. Autor, 2014.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio.: *As festas cíclicas do ano, Santiago de Compostela*: Manuais do Museo do Pobo Galego, nº2, 1991.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. *Guía de festas populares de Galicia*. Vigo: Galaxia, 1997.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “A Mesta Fraga das Festas de Galicia”, *en Tempos de Festa en Galicia, T.I. Entre os Reis e o Mes de Maio*. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e MARIÑO FERRO, X.R. *ANTROIDO en Galicia*. A Coruña: Deputación Provincial, 1987.

LISÓN TOLOSANA, C. *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Editorial Siglo XXI, 1971.

LISÓN TOLOSANA, C.: *Teoría Etnográfica de Galicia. Antropología cultural de Galicia, IX*, Madrid: Akal, 2012.

MARIÑO FERRO, X.R.: Antropoloxia de Galicia, Vigo: Ed. Xerais, 2000.

MARIÑO FERRO, X.R.: *O Entroido ou os Praceres da carne*: Sata (A Coruña). Ed. do Castro. Cadernos do Seminario de Sargadelos, 84, 2003.

QUINTIÁ, Rafael.: Uns Apuntamentos Etnográficos sobre o Entroido a xeito de Introdución, *en Actas das I Xornadas sobre o Entroido de Galicia*. Sociedade Antropolóxica Galega, Pontevedra, 2013

REIGOSA, Antonio.: “O Entroido enmascarado. A Vida vence á Morte, en Rev. Dixital, de [http://www. Galiciaencantada. con. Tamén](http://www.Galiciaencantada.con.Tamén), *en Actas das II Xornadas sobre o Entroido de Galicia*. Sociedade Antropolóxica Galega, Pontevedra, 2014.

RISCO, Vicente.: *Historiza de Galicia, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Etnografía. Cultura Espiritual*. Madrid: Akal.

RUBIEIRO DA PENA, Ana María; PÉREZ PÉREZ, Carolina; ABELLEIRA VEGA, Gloria.: “Proyecto de Recuperación da Tradición Oral na Contorna de Viladonga (2). Concello de Castro de Rei”, *en CROA (Boletín da Asociación de amigos do Castro de Viladonga)*. Nº 26, 2016, Castro de Rei (Lugo).

TABOADA CHIVITE,,: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*, Vigo: Galaxia, 1972.

TABOADA CHIVITE, X. *Ritos y creencias gallegas*. A Coruña: Edicións Sálvora, 1980.

VI. OUTROS ARTIGOS DO “AUTOR” SOBRE O ENTROIDO NA PROVINCIA DE LUGO.

BLANCO PRADO, José Manuel: “Primeira exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, 2005, paxs. 203-222.

BLANCO PRADO, J.M. e GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “O Entroido na Ribeira Sacra e en Salcedo. O volante, o peliqueiro e o oso”, *Tempos de Festa. T.I*. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006, páxs.127-137.

BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme: “Achegas históricas ao Antroido do Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI”, *Croa, nº 19*, 2009, páxs. 58-84.

BLANCO PRADO, J.M.: “O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na Ribeira de Chantada”, *Lucensia, nº 39*, Lugo, 2009, páxs. 363-370.

BLANCO PRADO, J.M.: “O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na freguesía del Salcedo”, *Lucensia, nº 40*, Lugo, 2010, páxs. 163-172.

BLANCO PRADO, J.M.: “2ª Exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo”, Boletín do Museo Provincial de Lugo. Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, 2012. 2010.

BLANCO PRADO, J.M e PERNAS BERMÚDEZ, Carme: «O Entroido Ribeirao. Santiago de Arriba (Chantada) (Lugo)», *Croa, nº 22*, 2012, páxs. 78-105.

BLANCO PRADO, J.M.: «O Entroido na Diocese de Lugo, III, O Xoves de Compadres e o Xoves de Comadres nas Terras de Lemos». *Lucensia , nº 45*, 2012, páxs. 378-389.

BLANCO PRADO, J.M.: *O Entroido en imaxes: mostra fotográfica da provincia de Lugo*. Deputación de Lugo. Vicepresidencia. Rede Museística. 2012

BLANCO PRADO, J.M.: «Aportacións sobre o Entroido Lucense». *Anuario Brigantino nº 36*, Betanzos (A Coruña), 2013, páxs. 495-513.

BLANCO PRADO, J.M.: Autor da foto da portada do libro «*O Teatro no Entroido de Salcedo (A Poboia de Brollón)*», Deputación Provincial de Lugo, 2014.

BLANCO PRADO, J.M.: “O Enterro da Sardiña na cidade de Lugo. Anos 1985-2002”, *Anuario Brigantino, nº 39*. Betanzos (A Coruña), 2016.

BLANCO PRADO, J.M.: Terceira Exposición do Entroido na provincia de Lugo, Mesón do Forno, Lugo, 2017.

BLANCO PRADO, J.M.: “O Enterro da Sardiña na cidade de Lugo. Anos 2003-2012. *Croa, nº 29* . Boletín do Museo do Castro de Viladonga. Castro de Rei (Lugo), 2019.

BLANCO PRADO, J.M.: “Novas achegas históricas sobre o Antroido de “ Val de Francos” (Castro de Rei) (Lugo) .Segunda década do Século XXI”, *en Croa nº 31*. No prelo.

